



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 4 DE OUTUBRO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. María de los Ángeles Silva González  
Dña.María Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.José Rodríguez Trigo  
Dña.María Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Márquez

D. Rafael Lores Rosal  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dña. Teresa Pérez Vieira  
Dña.Laura Míguez Pérez

D. Xosé Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana María Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: D. Manuel A. González Marcote

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.María Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a catro de outubro de dous mil sete, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, dando conta do informe enviado á Xunta Electoral Central dado que no último Pleno se procedeu a presentar a quen sería o concelleiro do Partido Socialista Obrero Español en substitución de D. Carlos de la Peña Arizaga, D.Oscar Hector Rodal Refojos; pero habendose producido dúas renuncias, unha por parte do número 7 da lista, o nomeado D.OSCAR HECTOR RODAL REFOJOS, e outra por parte do número 8 D.JOSE LUIS VALVERDE VIDAL, e polo que se fai chegar informe á Xunta Electoral Central co nome de DNA.EMILIA GIRALDEZ RAMIREZ, para que, en principio, ser a persoa que sustitúa a D. Luis Carlos de la Peña Arizaga. Pasase ó tratamento dos asuntos da orde do día do presente Pleno.

### **1.-APROBACION ACTA ANTERIOR.**

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros si teñen alegacións que facer á acta da sesión anterior celebrada o día 6 de setembro.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Na páx.13, no último parágrafo, 4ª liña, dí "poñais" e é "poñades", na páx.14, 2ª liña, pon "actividais", é "actividades"; na 3ª pon "collínlo", é "collinno"; na 5ª pon "posibilidais", é "posibilidades". Na páx.26, no primeiro Rogo, pon "tradujeron", é "traduxeran"; e na última folla, na 27, nas Preguntas, pon "aerosinaladores", e é "aeroxeneradores".



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Na páx. 8, onde pon "190.000 euros", debe pór "109.000 euros"; e en canto ó remate da sesión creo que foi as 14,45 horas, e non as 15,45; nada máis, gracias.

Con estas matizacións, fica aprobada a acta correspondente ó pasado 6 de setembro.

## **2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.

## **3.-DACION DE CONTA DOS MEMBROS INTEGRANTES NAS COMISIONS DE SEGUIMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANISTICA E DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTORICO ARTISTICO DO CONCELLO DE BAIONA.**

Dase conta do presente punto.

## **4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL Nº4 DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANISTICA DO CONCELLO DE BAIONA.**

A Presidencia cede a palabra a Sra. Ana Simons, concelleira de Urbanismo, quen procede a lectura da seguinte proposta da Alcaldía que xa fora informada favorablemente pola Comisión informativa do Pleno:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Iniciada a tramitación do expediente da modificación nº4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona surxida co gallo da iniciativa privada de desenvolvemento da Unidade de Execución nº5 a través dun Plan Especial e que ten por obxecto o reaxuste da delimitación da Unidade de execución nº5 e do PERI, incluíndo catro parcelas e excluindo unha, co fin de mellorar a conexión viaria entre a unidade de execución e o solo urbano de Baiona mediante a prolongación dun vial de 12 m de ancho xa previsto no PXOM vixente.

Logo de obter o preceptivo informe da Consellería de Urbanismo, Obras Públicas e Transportes de acordo co disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro modificada pola Lei 15/2004 no que se formulan determinadas observacións que xa han sido incorporadas e logo da obtención de informe da Consellería de Medio Ambiente no que se pon de manifesto que non é necesario someter o expediente da modificación núm 4 do PXOM ó procedemento integrado de a avaliación ambiental segundo o disposto no artigo 5 da lei, propono, o Pleno da Corporación, a aprobación do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobación inicial da modificación número 4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.

**SEGUNDO.-** Someter o expediente á exposición pública polo prazo dun mes a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.

**TERCEIRO.-** Dar audiencia ós Concellos limítrofes.

**CUARTO.-** Remitir o expediente ás administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.

-----



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- En primer lugar quixera xustificar a ausencia do noso compañeiro Manolo Marcote quen por razóns persoais, sanitarias, tiña unha consulta, non pode asistir ó Pleno.

Entrando xa no punto da Orde do Día, decir que este é un tema que xa ven de vello, fai agora practicamente 1 ano que se presentou a este Pleno esta modificación do PXOU, unha vez leída e revisada a documentación deste Pleno e do de fai 1 ano, nós, en principio, estamos un pouco defraudados; defraudados porque con tódolos respetos entendemos que a actitude do goberno é unha actitude de falta de respecto e de falta de sensibilidade cara ós intereses dos veciños e veciñas de Baiona, dígollo con tódolos respetos, digo de actitude; entendemos que nós daquela cando pedimos a retirada deste punto da Orde do Día porque non se consensuara coa comunidade educativa, non se consensuara cos propios veciños colindantes co PERI, e pedíamos que o goberno o estudia de forma máis polo miúdo, e fixemos 2 ou 3 propostas para que se contemplaran no novo estudo; hoxe, un ano despois, como decía o Sr.Alcalde naquel Pleno era unha cuestión de votos, hoxe, cando o número de votos xa é favorable o goberno, desprecian esa sensibilidade, desprecian eses intereses dos distintos sectores de Baiona.

Para empezar queremos volver a referirnos á Comunidade Escolar; ese vial que se pretende introducir no PERI afecta dunha forma importante ó que é a zona dotacional do Colexio de Covaterreña; creo que xa é de todos coñecido, pero por si quedaba algunha dúbida queremos pór en valor neste Pleno a importancia que este Centro ten para Baiona, o prestixio que está acadando este Colexio, non só ante os nosos veciños senón en todo o Val Miñor e incluso en Vigo; tódolos alumnos que saen deste Centro teñen unha preparación excelente comprobada non solo polo noso Centro senón por tódolos informes que temos dos alumnos que despois van a estudar o Bachelato tanto ó 1º de Marzo como aos distintos Institutos de Vigo; é un Centro que acadou o prestixio da propia Consellería, que ten o prestixio de tódolos baioneses, é un Centro polo que tódolos nenos, tódolos nosos fillos, pasan por ahí; polo tanto, despreciar esta sensibilidade, a nós parécenos mal, moi mal; entendemos que un goberno municipal antes de nada ten que velar polos intereses de toda a comunidade, despois entraríamos a valorar outros intereses.

O Colexio de Covaterreña, Centro Público, ten prevista unha ampliación, ten unha proxección cara ó futuro importante, que eu creo que dende este Pleno debemos potenciar e debemos respaldar; con este vial trúncase dunha maneira importante esa proxección futura do centro, polo tanto nós entendemos que xa de entrada ese vial non é factible facélo ahí cando ataca dunha forma directa ós intereses públicos de Baiona; ese vial ó unico que está favorecendo son intereses privados, intereses privados ós que nós non queremos atacar en ningún momento pero si temos que por nunha balanza os intereses públicos e os privados nós por encima de todo vamos a pór por enriba os públicos, polo tanto rexeitamos dunha forma clara e absoluta esa modificación do Plan Xeral.

Nesa intervención de fai 1 ano nós falabamos tamén que esta proposta viña un pouco costrinida, que non se estabamirando con proxección de futuro esa zona que ahí se está a desenrolar, que nós entendíamos que debíase facer un estudo de modificación do perímetro do PERI, hai unhas zonas que son sensibles que supoñemos que no próximo Plan Xeral van a ter unha consideración distinta, polo tanto, optamos daquela para que este vial se transformara por outro lugar; como daquela tiñamos os votos para retiralo, retirouse, e agora pois ven outra vez ó Pleno supoño que para aprobalo.

Queremos deixar claro nesta primeira intervención que vamos a rexeitar esta modificación, que vamos a pór por enriba de todo os intereses públicos, os intereses da Comunidade escolar, e de segundas poderemos entrar a discutir outras posibilidades deste PERI; pero en principio vaia por diante o noso rexeitamento, e pedimos ó equipo de goberno que estas propostas se traten cun pouco máis de sensibilidade e que non se veña aquí cunha especie de rodillo despreciando absolutamente tódolos intereses públicos de Baiona, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Esta proposta que fai hoxe a concellala de Urbanismo en nome do PP e do grupo de goberno deste Concello, ven máis ou menos a demostrar o que significan estes 100 días de goberno en Baiona: nin tan siquera se molestaron, nin a concelleira nin tan siquera se molestou, polo que aquí se demostra, en tratar de chegar a un acordo nin coa Comunidade escolar, nin cos veciños, nin tan siquera cos grupos políticos que estamos aquí na oposición, non houbo ningún intento de consenso neste punto, hai con outros cando lle interesa á Alcaldía, cando lle interesa ó goberno, e cando dependen eses puntos de que non só se aproben aquí senón de que se leven a cabo nas Consellerías da Xunta, entón si que hai acordos ou tratan de ir ó consenso.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Cando se presentou este punto no Pleno, e vostedes estaban gobernando, digo vostedes porque eran o PP tamén, e CMÑ, tanto dá as persoas que entren unhas ou entren outras, a cuestión é que o PP leva gobernando aquí dende fai moitísimos anos e siguen coas mesmas mañas ou coas mesmas maneiras de facer as cousas; estivo antes o Sr.Vilar, está agora o Sr.Almuiña, é o mesmo, é o Partido Popular; e a imaxe que ten o PP de Baiona segue sendo exactamente a mesma. No ámbito do PERI Nº 4, no actual Plan Xeral, seguen vostedes vendo Baiona punto por punto, ailladamente, sen conxunto, sen levar adiante unha proposta cun proxecto político para este Concello no concerniente a Urbanismo. No anterior Pleno tivemos unha longa exposición e dixemos que para nós a proposta debía de ser que o ámbito do PERI debía modificarse, pero debía modificarse casi ó dobre da súa existencia, e ¿porqué decíamos iso?, porque evidentemente para os propietarios deste ámbito actual este PERI é unha perita en dulce; unha perita en dulce porque a edificación consolidada é practicamente escasa ou casi ningunha, iso significa que a repercusión por metro cuadrado ao promotor lle sae moi escaso, pero tamén hai que dicir que a zona que nós propuñamos como ampliación é unha zona moi consolidada en vivendas unifamiliares, e iso significaría que a repercusión do solo se multiplicaría por moito, cuestión ésta que ó promotor non lle interesa; pero a quen sí lle interesa, con vistas ó longo prazo, é aos veciños de San Antón. Vostedes hoxe lóxicamente traen aquí unha proposta e van a aprobála, van a facélo así porque teñen 9 votos, pero que sepan tódolos concelleiros, todos, porque algún ao mellor non sabe o que vai a votar hoxe, que sepan que os que hoxe levanten a man van a meter nunha encerrona a tódolos veciños de San Antón, nunha encerrona auténtica, e senón llo explicaron así é bó que o sepan porque o día de mañán os veciños de San Antón, cando os metan noutro PERI, porque van a acabar meténdoos, o que lle paguen polas suas fincas vai ser moito menor que o que lle paguen si as meten agora, porque despois o que teñen feito co que lle paguen non lles compensa e van a estar acorralados, e van a saber, e van a darse conta despois cando vostedes lles metan nesta encerrona, de que van a ter unha vivenda unifamiliar como tiveron durante moitísimos anos e van a ter un edificio ó lado sacudendolles as alfombras encima da cabeza, e é moi fastidiado vivir así despois de que se estivo en condicións óptimas durante tantos anos.

E tamén podemos falar de prezos de metro cuadrado e de sentimentos; os sentimentos non os vamos a pagar nunca, iso está clarísimo, pero o metro cuadrado sí, e é moi distinto que o PERI teña o ámbito de todo San Antón a que teña soamente a golosina para o promotor. O equipo de goberno a estas alturas non está defendendo os intereses dos veciños, está defendendo os intereses duns promotores inmobiliarios e están metendo ós veciños de San Antón nunha encerrona a medio prazo, non a corto, a medio prazo, no momento en que esté desenrolado o PERI Nº 5 van a quedar aislados e arrinconados, e isto se pode solucionar moi ben na aprobación inicial do Plan Xeral, no próximo, que xa deba estar aquí e non sabemos porque motivo sigue aínda nalgún caixón ou nalgunha oficina; creemos que é unha oportunidade importante para que estes veciños poidan saír o menos perxudicados posible e que vostedes con esta postura van, dunha maneira taxante, a deixálos arrinconados e sen posibilidade ningunha de levantar cabeza. Polo tanto vamos a votar en contra desta Proposta, moitas gracias.

SR.VILAR, CMÑ.- Miña intervención será en positivo e tratarei de contestar ás intervencións que me precederon, do PSOE e do BNG.

O PERI 5 figuraba no noso programa electoral como ún dos proxectos que había que desenrolar por interés público e vou a explicar o porqué dese interés do PERI 5 que figuraba no PXOU de Baiona: en primer lugar porque vai a supór unha mellora do acceso para o barrio de San Antón, coa apertura dun novo vial de 12 metros polo que é o camiño perimetral, camiño Bargiela, entra polo colexio de Covaterreña e vai bordeando o camiño Bargiela ata chegar á curva de San Antón, vial que xa se atopa dalgún xeito aberto. Este vial foi pactado no seu día pola propia concelleira do PSOE, señora Isabel Domínguez, cando desempeñaba o cargo de concellala de Urbanismo, cos propietarios, e co noso apoio por suposto, e co apoio do PSOE, do BNG, posto que se consideraba que era o vial máis racional e lóxico para poder acceder a San Antón xa que polo vial actual é practicamente imposible debido ó ancho e a que as casas se atopan moi consolidadas; esta é a verdade e me extrana que agora o PSOE cambie de chaqueta, pero isto foi así.

En segundo lugar, o interés público do desenrolo dese PERI é a mellora sustancial que vai a sufrir o Colexio de Covaterreña; non podemos olvidar que o CPI vai a experimentar unha ampliación cunha zona anexa dotacional de máis de 2.500 m<sup>2</sup>, coido que estamos falando dun espacio moi importante que vai ir anexo ó colexio e no que o Concello vai a ubicar unha instalación de interés público como vai ser a piscina municipal; piscina que por suposto vai ser tamén dotacional para o propio Colexio, suporá unha mellora das suas



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

infraestructuras, non olvidemos o moito que se fixo por Covaterreña nestes últimos tempos ó dotálo de instalacións de infraestrutura deportiva como moi poucos colexios de Galicia teñen, como vai ser coa piscina municipal, como é co Pavillón deportivo, como é a zona deportiva do Aral, e como é a mellora do acceso actual do Colexio de Covaterreña, non podemos esquecer que antes había que subir ó colexio pola parte alta de Dolores Agrelo e agora se pode acceder pola beira entre o Cemiterio e o actual colexio. Creemos que as melloras para o barrio de San Antón van a ser espectaculares para acceder, e as melloras para o Colexio non digamos, penso que este Colexio vai ser o principal beneficiado, e me extrana que o portavoz do PSOE confunda as churras coas merinas, é dicir, fala do Colexio polo tema pedagóxico, pola súa calidade de ensinanza, e nós estamos dacordo, pero iso non ten que ver coa aprobación dun Plan, dun PERI 5, que o que vai a facer é mellorar o Colexio de Covaterreña.

Por outra banda non podemos tampouco esquecer que o PERI 5 vai a ser unha mellora para tódolos propietarios que figuran nese ámbito; que non son só promotores, hai incluso pequenos propietarios, veciños de Baiona, que van aportar os seus metros cuadrados e sen dúbida se van a beneficiar.

O que non se dí aquí é que dende a oposición se trata de frenar esta iniciativa que conta primeiro co visto bó da Xunta de Galicia, da Comisión de Urbanismo, do Plan Xeral, é unha proposta que sae con tódala legalidade absoluta de planeamento urbanístico; e non se dí que aquí no seu día se fixera unha proposta irrealizable nestes momentos, non sei si no futuro poderá ser posible, de abarcar un ámbito maior; pero creo que cando se desenrola o urbanismo hai que ser realistas, implicar a toda unha serie de vivendas unifamiliares que están alí consolidadas, que son de recente construción, nun PERI, é crearnos agora un problema realmente difícil, e creo que si os veciños que están nesa zona anexa ó PERI 5 lle interesa entrar nunha Unidade de Execución na que participen todos terán o futuro PXOU e a través das alegacións poderán pedílo, si é que lle interesa.

O que non se dí aquí tampouco é que se quería incluír nese PERI ó cemiterio para sacarllo da zona onde está ubicado, isto non é un plantexamento realista nestes momentos, contaría tamén co rechazo dos veciños de Baiona, pero repito: poderase falar dese plantexamento nun futuro Plan Xeral. O que non se pode agora é impedir que o PERI 5 vaia adiante porque é un dereito dos administrados desenrolar as unidades de actuación que figuran no Plan Xeral vixente.

E un beneficio para o Concello o interés público que vai xenerar, como vai ser o novo acceso perimetral a San Antón, que repito, no seu día foi aprobado, apoiado e proposto pola concelleira de Urbanismo do PSOE; é unha mellora para a ampliación do Colexio de Covaterreña cunha superficie dotacional de máis de 2500 metros, é unha mellora para toda Baiona posto que alí se vai ubicar a nova piscina municipal, polo tanto é unha obriga deste goberno levar adiante esta actuación.

Nós, dende CMÑ, dende o goberno municipal, apoiamos esta iniciativa; e non se lle vai a dar máis volume que o que marca a Lei, que posiblemente como dí o Sr.Fernández sexa pouco, pero iso non é o noso problema, iso é o que marca o PXOU, aquí non se regala nada, non se modifica o Plan para aumentar volume senón para mellorar os accesos. Polo tanto, dende unha liña de goberno municipal, dende unha liña realista e coherente co urbanismo en Baiona, nós vamos aprobar esta iniciativa que, repito, conta con tódolos beneplácitos da Xunta de Galicia, do Plan Xeral, e por suposto espero que do Pleno do Concello de Baiona.

SRA.SIMONS, PP.- Soamente podemos reincidir no xa dito por un compañeiro de equipo de goberno, Manolo Vilar. No caso de afección ó Colexio, estamos falando de 264 m<sup>2</sup>, que se lle van a dar na parte posterior do colexio, entón tampouco creo que sexa unha afección tan importante cando estamos falando de unha aportación importante en tema de saneamentos, en tema de ensanchar viario nunha zona onde todos sabemos que é moi escasa, en todo o que é Covaterreña, San Antón, Percibilleira; entón non entendo moi ben que noutro momento todo isto votárase a favor e agora sexa ésta a vosa intención.

SR.LORES, PSOE.- Esta proposta é de iniciativa privada, é unha proposta dos promotores, polo tanto o interés público non sei quen o defende. Si o equipo de goberno faise portavoz dos intereses dos promotores, hai que decílo claramente, non deben ter nada que temer a ese respecto; esta non é unha proposta que veña deste salón, nin siquera do goberno municipal, esta é unha proposta, unha iniciativa dos promotores, que supoño o interés que para eles ten, o interés público significa "de ese público", non é o interés público de Baiona.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Resultame curioso que aquí se fale e se diga que con esta modificación favorecemos ó Colexio e resulta que a comunidade educativa, o Consello Escolar, nin foi recibido, nin se lle pediu ningún tipo de opinión; e curiosamente fai agora 1 ano, e agora tamén, o grupo socialista sí tivo a sensibilidade de entrevistarse co equipo directivo e membros da comunidade educativa de Covaterreña, e están totalmente en contra; eu non sei de onde ven que isto vai a favorecer a alguén que se está manifestando en contra, que están protestando por esta iniciativa, e están pedindo ser recibidos polo goberno municipal que aínda non tivo a sensibilidade de facélo; polo tanto eu digo que xa non é máis cunha falta de respecto, falta de respecto a unha comunidade educativa que representa á maioría dos alumnos de Baiona; non podemos falar de que isto vai a beneficiar cando a propia comunidade educativa está manifestando en contra, e creo que incluso a propia Consellería de Educación ten previsto presentar algún tipo de alegación.

Falando dos metros cuadrados, aquí se lle saca ó Colexio a esquina frontal e se lle compensa detrás do Pavillón, eu creo que si falan vostedes co Consello Escolar lles dirán que esa compensación non a queren, e o Sr. Vilar sabe que os recunchos detrás dos Pavillóns o único que son é problemáticos; o que non se pode é truncar un crecemento que é a vía de expansión dese centro, esa ala, que é o crecemento natural do edificio, cortamos esa expansión e lles damos un terreo de compensación detrás do Pavillón que resulta que é unha tira escondida que non ten ningún sentido.

Tamén se fala que o Colexio vai ser beneficiado con 2500 metros dotacionais, pero eses non son do Colexio, ahí vai unha piscina municipal, non confundamos, a mín paréceme ben, pero non digamos unhas cousas por outras. Decía o Sr. Vilar que confundíamos churras con merinas, non, miren, eu penso que o prestixio dun Colexio é xustamente a xestión educativa e o Colexio de Covaterreña, nestes momentos, e dende fai tempo, ten un prestixio importante tanto no Val Miñor, como en Vigo, como na propia Consellería, polo tanto é un orgullo para os baioneses que teñamos este centro educativo de tanta calidade en Baiona, e por parte do grupo municipal socialista sempre haberá unha defensa da ensinanza pública e da calidade desta ensinanza, e este Centro é un referente en calidade.

Se fala de que os accesos de San Antón van a estar mellorados, vamos a ver, aquí o interés é o que é Sr. Vilar; repito que o interés son os promotores; e que ese PERI, con este vial, ten un acceso moito máis cómodo, indudablemente, pero é a comodidade duns poucos contra a posibilidade de crecemento, dun interés máis público, que somos moitos, e por iso creo que o goberno municipal tiña que ser máis sensato e ter máis sensibilidade con tódolos baioneses, traer unhas propostas máis estudadas e con outras alternativas porque xa fai un ano así se pediu; fai un ano non se votou en contra, simplemente se lle instou ó goberno a que fixera outros estudos e fora máis sensible coa realidade de Baiona.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Decirle ó Sr. Vilar que hábilmente trata de esquivar o bulto; falou do camiño Bargiela, falou da concelleira anterior de Urbanismo, de que había feito un convenio, igual o fixo, eu non o sei, eu fun daquela concelleiro de Vías e Obras e Seguridade Cidadana, e non levaba nin á Xunta de Goberno nin a ningunha reunión tódalas actuacións que se levaban, se levaban algunhas, as neuráxicas, pero a liña política, como fan vostedes agora mesmo no goberno, me imaxino. Pudo ser unha xestión de Isabel Domínguez, eu non lle digo que non, pero dende logo eu non participei en absoluto nesa xestión; o camiño Bargiela, de tódolos xeitos, leva alí moitísimos anos, antes de nacer nós xa estaba, e vai a seguir estando; que se vai a anchar, pode ser, evidentemente, e será de maneira adaptada á Lei, como o que se fixo no Ponte Romano, nos Tendais, en tódolos PERIS.

Tamén falaba vostede da mellora sustancial do Colexio de Covaterreña, pois mire, os que están alí estudiando, os que imparten clases, e os que dirixen o Consello Escolar, mestres, non queren esta mellora que vostedes lles dan, non a queren; polo tanto non querrán vostedes facer feliz á xente á forza, ou senón traten de consensuar con eles unha postura, pero non digan que van a mellorar Colexio, non; van a mellorar o Colexio para os seus intereses, non os da comunidade escolar, porque senón lóxicamente o Consello Escolar e a Dirección do Colexio estarían dacordo con esta postura, e non o están, non queren esta reforma puntual do PXOU, dín que van en contra dos seus intereses, polo tanto a mellora será para vostedes, non para o resto.

O solo dotacional que se vai engadir ó Colexio é por Lei, o marca a Lei no PERI; a Lei do Solo dí que ten que ter unha expansión para solos dotacionais, e eses 2500 metros que dín vostedes que lle corresponden son os que marca a Lei, non é porque haxan feito vostedes unha xestión fantástica, é porque iso está establecido por Lei; non veñan aquí a vender a burra.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Tamén dixo que si os veciños están interesados en realizar un PERI no seu ámbito, que o soliciten; claro que teñen ese dereito, pero é que despois non lles vai compensar, compensalle agora incluíndo neste PERI, compensalle agora ampliando a zona do PERI, non despois, porque a repercusión por metro cuadrado vaise multiplicar por moito máis, o dixeran antes e o volvo a dicir; e a vostedes non o teño que repetir, e á concellala de Urbanismo tampouco, porque de isto saben bastante máis que eu. Por iso decía antes que van a meter vostedes aos veciños de San Antón nunha ratonera; despois non hai saída por ningún lado, e van ter que vender as suas casas a un prezo de miseria.

Por certo, eu, de volumen, non dixeran nada de nada, nin de volume nin de cementerios, porque cando falamos no anterior Pleno que se truxo este tema do cementerio quedou claro que ningún grupo político tiña prevista modificá-lo ámbito do cementerio, nin o ámbito nin o lugar, nada de nada; quen nomeou aquí o cementerio foi vostede, nós non.

Por outro lado quixera contestarlle á concelleira de Urbanismo que ó Alcalde cando se lle fala de medicina non pode dicir que non entende, e o concelleiro que lle fala cando lle falan de electricidade non pode dicir que non entende, e a concellala de Urbanismo cando se lle fala de urbanismo non pode dicir que non entende porque ten que saber moito máis que nós, porque é arquitecta, e o que nós esperamos é que cando unha arquitecta nova entra nun equipo de goberno do PP (aínda que é unha heiba entrar no PP) tivera unha sensibilidade especial por estas cuestións, e resulta que agora vostede dí que non entende a nosa postura, pois ben, non a compartirá, pero entender ten que entendéla. Nada máis.

SR.ALCALDE.- Moitas grazas, Sr.Fernández, polo menos recoñece que o Alcalde sabe de medicina.

SR.VILAR, CMÑ.- Meu amigo, meu adversario político, o Sr.Fernández, tampouco quería a avenida urbana de Sabaris pero logo se beneficiou dela; esa é unha realidade incuestionable; vostede despois entendeu o urbanismo, se fixo millonario grazas a unha xestión de Manolo Vilar; pero o que sí é certo é que o solo dotacional que se lle vai a proporcionar ó Colexio de Covaterreña non ven por Lei, ven pola vontade política do goberno municipal de Baiona, e penso que o colexio non creceu porque o dixo o Boletín Oficial da Xunta de Galicia, creceu porque houbo unha vontade política dos concelleiros e dos gobernos municipais para que mellorara todo o seu entorno, iso non caeu do ceo; un colexio que ten un campo de fútbol de herba artificial próximo, a súa disposición, para seu uso libre nas horas lectivas, coas correspondentes pistas de atletismo, con 2 pavillóns municipais ó lado dos que poden facer uso, cunha mellora dos accesos, cunha piscina municipal, iso é simplemente porque hai un goberno sensibilizado co que representa un Colexio e o importante que é ter todos estes servizos dotacionais, o que fai que o Colexio de Covaterreña, de ser un colexio marxinal que se fixo no seu día nuns terreos que estaban na zona que posiblemente nadie quería, ó lado do cemiterio, pasa a ser o Colexio ubicado no centro de Baiona e rodeado de todas estas instalacións grazas á política urbanística do Concello de Baiona, e polo tanto a mín me extrana que existan membros na Comunidade educativa que estén en contra deste proxecto; posiblemente algúns, algúns, intentaron manipular ás asociacións de pais, claro que llos intentaron manipular, pero non así; eu me podo sentar ahí cos pais e dou a cara, e non hai nadie que me rebata os meus argumentos, nadie; o que pasa é que Manolo Vilar non se deixa manipular e si hai pais que si se deixaron manipular é porque están politicamente manipulados por certos grupos, iso en Baiona son batallas perdidas cando se intenta enfrentar a un goberno municipal, a uns concelleiros e a uns responsables, que fixeron máis polo Colexio de Covaterreña e pola mellora da súa calidade que todos eles por moitos cargos directivos que teñan, iso está clarísimo. E como saben que non son argumentos para tirar abaixo este Plan, vamos a analizar si queres, nunha segunda volta, a mellora dos accesos a San Antón, que ha sufrido un importante crecemento, en vivenda unifamiliar, vivenda que ten unha calidade posto que ten o seu entorno, pero en cambio é un barrio que polas súas características históricas ten uns accesos moi estreitos para poder acceder á parte de arriba, esa é unha realidade da nosa poboación, e ún dos obxetivos do goberno é mellorar eses accesos sin perxudicar aos veciños e a fórmula é con este novo vial perimetral en torno ao camiño Bargiela que vai a posibilitar que practicamente ata o centro do barrio de San Antón se poida acceder; esta é a realidade; e a outra realidade é ensanchar o actual vial, pero isto é complexo porque hai vivendas que están consolidadas e si vostede lle dí a eses veciños que cedan, aínda que sexa un metro a cada lado, seguramente lle van a por moitas pegas e entraríamos nun conflito veciñal que nin este goberno nin ningún goberno responsable llo vai a buscar; polo tanto, si eles, nun futuro Plan Xeral, alegan, e están todos dacordo, cousa que non é fácil, si se podería



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

mellorar ese vial; pero sexamos realistas: o Urbanismo é o que é, e os que gobernamos e temos experiencia no goberno municipal temos que dalgún xeito adaptar nosas decisións políticas á realidade territorial, e esta é a forma de gobernar con responsabilidade, e por suposto baseado no planteamento e na legalidade do actual PXOU de Baiona, que posibilitou un crecemento racional e sostenible do noso Concello, isto é incuestionable.

Este proxecto conta con tódolos informes favorables da Xunta de Galicia, da Comisión de Urbanismo, fan que sexa un proxecto que o único que fai é defender os intereses dos administrados, que son os propietarios, que din “temos aquí un PERI e queremos desenrolalo; por favor, Ayuntamiento, decir como queredes, e levarlo adiante”, esa é a nosa obriga, calquer outra ampliación deste ámbito supón implicar tamén ó cemiterio municipal e iso é moi delicado e prefiro non tocar ese tema; polo tanto que nos quede claro que esta é unha proposta realista e ningún dos argumentos que se deron aquí son válidos para que isto se tire abaixo, non hai argumentos, sobre todo cando se pretende decir aquí que a Consellería de Educación vai rexeitar este Plan, é como para decirlle ós da Consellería que por favor, que veñan aquí, que participen no debate e que vexan as melloras importantes que vai a ter o Colexio de Covaterreña. Teño clarísimo que non se vai a manifestar en contra; en todo caso a Consellería mandaríalle un escrito ó Concello agradecéndolle a mellora das instalacións que vai experimentar Covaterreña. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Non hai alusións, vostedes non están representando ós país, non poden sentirse aludidos, xa tiveron como portavoces o seu momento para intervir.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8 PP, 1 CMÑ), fronte a 6 votos en contra (4,PSOE, 2,BNG).**  
-----

**E por isto que o Pleno por maioría acorda:**

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial da modificación número 4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.**

**SEGUNDO.- Someter o expediente á exposición pública polo prazo dun mes a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.**

**TERCEIRO.- Dar audiencia ós Concellos limítrofes.**

**CUARTO.- Remitir o expediente ás administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.**

#### **5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO ACORDO DESAHUCIO DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PALMA.**

Polo Sr.Alcalde procédese á lectura da seguinte proposta da Alcaldía que xa fora informada favorablemente pola Comisión informativa do Pleno:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Resultando que o pleno da Corporación en sesión plenaria de data 26 de xullo de 2007 adoptou o seguinte acordo:**





EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

***“Primeiro.- Requirir a Sindicatura da Quiebra de GGP UNO SL que no prazo de trinta días poña a disposición do Concello de Baiona as obras, instalacións e servizos complementarios que integran o aparcadoiro.***

***Segundo.- Incautar o aval núm 2.688.235 da Compañía Española de seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, SA constituido por GGP UNO SL por importe de 14.000.000 pesetas (84.141,69 euros) en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas derivadas do cumprimento do contrato.***

***Terceiro.- Remitir o presente acordo a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL, a entidade mercantil GGP UNO SL, o Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo, e a Compañía de seguros e Reaseguros de Crédito y Caución, SA.”***

**Resultando que logo da notificación do acordo plenario e transcorrido o prazo concedido ó efecto a sindicatura da quiebra non puxo a disposición do concello as instalacións e servizos complementarios do aparcadoiro**

**Resultando que a cláusula 49.d) do prego de cláusulas administrativa que rexe a contrato de construción e explotación do aparcadoiro soterrado da Palma determina que o Concello ostenta a facultade de *“acordar el deshaucio y lanzamiento por vía administrativa, cuando el contratista, una vez extinguido el contrato, no efectuara el desalojo en su debido tiempo”***

**É por isto e consonte o disposto no artigo 120 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais se propón o Pleno da Corporación, a aprobación do seguinte acordo:**

***Primeiro.- Proceder o deshaucio e lanzamiento por vía administrativa das instalacións e servizos complementarios que integran o aparcadoiro soterrado da Palma. Acto que levará a cabo o día 16 de outubro de 2007 ás 8:00 horas.***

**Segundo.- A determinación do xustriprezo polas instalación e obras realizadas por GGP UNO SL non amortizadas á data da resolución do contrato se remite ó que resulte do incidente de execución de sentenza instado por INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

**Terceiro.- Notificar o presente acordo ó Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo e a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL.**

**Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Policía Local e Servizo de Urbanismo para os efectos oportunos.**

-----

CONTINUA.- Agora trátase da continuación do acordo de data 26 de xullo, onde o Pleno entende que non se están digamos que cuidando adecuadamente as instalacións municipais do parking; é unha instalación que leva en funcionamento 12 anos, non se chegou a pagar nin un só duro do que é as deudas que hai sobre este aparcamento, e lóxicamente o Concello, aplicando e defendendo os intereses de tódolos veciños, cree que ten que rescatar esta concesión e ó non ser voluntariamente a Sindicatura da quiebra lóxicamente seguimos o procedemento administrativo que consiste nun acordo plenario, como estamos decindo, polo que vaise a proceder ó deshaucio destas instalacións; penso que é complementario ó acordo plenario de xullo e realmente entendemos que baixo esta proposta, esta posible aprobación, non debería haber ningunha barreira salvo que o Xulgado entendera que debe procederse á paralización desta execución.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Efectivamente esta é unha consecuencia do acordo do 26 de xullo onde se acordou o rescate do parking da Palma; naquel Pleno o grupo municipal socialista mantivo unha posición nin siquiera en contra, simplemente foi unha posición de que se clarificara cal era exactamente a situación da Palma, en contra desa política oscurantista que non sabemos exactamente a quen está defendendo e cales son os intereses ocultos que pode haber detrás desta recuperación.

Pedimos naquel Pleno que se fixera unha auditoría para esclarecer como estaban as contas da Sindicatura, cales eran os ingresos, os gastos, cal era a situación económica; tamén pedimos que nesta auditoría se nos dixera cal era a cuantía exacta da deuda á cal o Concello comprometeuse a asumir, sen coñecer, e que nós estimamos en máis de 6 millóns de euros. Polo tanto esta política en principio a calificaría como pouco de oscurantista, de non quer esclarecer cal son os intereses, que é o que se pretende, cales son os obxetivos, isto é algo que debería ser público; non entendimos naquel momento como se nos negaba a posibilidade a nós como grupo deste Pleno, e ós veciños de Baiona, para saber cal era a deuda que este goberno vai a introducir no Concello.

Se fixo, creo que dunha forma lixeira e sen saber moi ben a que responde, e nós votamos en contra; polo tanto nós vamos a seguir votando en contra, non en contra da recuperación, senón que estamos en contra de esta política; non nos deron os datos precisos para posicionarnos, non vamos a seguir votando afirmativamente sen ningunha garantía de que isto teña un bó fin nin a que intereses está respondendo realmente, polo tanto vamos a votar en contra.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creo que este rescate da concesión do parking xa debería haberse feito fai moito tempo; a cuestión é que na situación en que está agora mesmo non pode seguir porque cada día que pasa evidentemente vaise incrementando a deuda, os intereses van medrando e aparentemente, en principio, cando se nomeou unha adxudicatura, era para ir resolvendo o problema do parking e en realidade o que se fixo foi agraválo, ¿por qué? porque os membros da adxudicatura se meteron ahí en base a levar adiante un negocio e evidentemente o levaron, o negocio para eles foi redondo, non fixeron un duro de inversión e todo o que caía no peto foi para casa, polo tanto o negocio foi redondo; creo que é un acto de responsabilidade do equipo de goberno, neste caso tócalle ó PP e a CMÑ, que deben e teñen a obriga de defender os intereses dos veciños de Baiona e deben recuperar esta concesión; tamén é certo que o PP de Baiona é o único responsable de que este parking se fixera ahí e nas condicións nas que se fixo; e tamén é certo de que casualmente os membros da adxudicatura que foron nomeados por non sei quen, creo que por un xuíz, casualmente están vinculados ó PP, é decir, os que fixeron o negociación están vinculados ó PP, polo menos o Sr.Mantilla, militante do PP e ex concelleiro do Concello de Vigo, él é un membro da adxudicatura, con outros máis, vinculados o PP dun xeito ou doutro; polo tanto é unha responsabilidade do equipo de goberno, e do PP, defender os intereses de Baiona e teñen que defendélos recuperando a concesión que lle vai valer ós veciños a frioleira de casi 1000 millóns de pesetas, casi nada; que non sabemos como vai acabar a historia, si vai a ser para meter iates dentro, como foi inicialmente o proxecto, acabar nas máns dalgún clube de iates para poder usálo de invernadero de embarcacións ou si vai acabar nas máns do Concello, non o sabemos. En todo caso, nós vamos a absternos porque non temos a responsabilidade de gobernar agora mesmo en Baiona e tampouco metemos ós veciños nin ó Concello neste follón; polo tanto, señores de goberno: quen encedeu a fogueira que a apague, nós vamos a absternos.

SR.VILAR, CMÑ.- Coincido plenamente neste caso co Sr.Fernández en que o rescate debería facerse antes. Tamén coincido con vostede en que a Sindicatura non estivo á altura da súa responsabilidade, e eu estou convencido de que o parking da Palma non está en quiebra, é unha curiosidade interesante posto que é unha empresa que xenera beneficios; as Sindicaturas se nomean para empresas que dan en quiebra cando hai que liquidar os bens, pero o parking da Palma non, é unha empresa que sigue producindo beneficios, de ahí que sexa tan apetecible para moita xente, ademáis entendo que a Sindicatura non amortizou nada da deuda que hai pendiente, lóxicamente cando unha empresa fai unha obra hai unhas deudas e a Sindicatura neste caso entendo que ahí gastou moi poucos recursos, polo tanto a Sindicatura xa fai tempo que debería desaparecer. Isto eu o veño defendendo sempre e de feito nós intentamos rescatar o parking xa fai tempo cun acordo plenario e hai que seguir un camiño, pero as veces o tempo é o que dá ou quita razóns; o que sí é evidente e que aparcamento da Palma está na mellor zona, onde debe estar, nun sitio que é utilizado por todos, a ubicación é a correcta, e ademáis hai unha cousa evidente: o parking da Palma é unha instalación municipal e nunca deixou de ser unha concesión a unha determinada empresa; no momento en que esta



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

empresa non cumpre, o Concello rescata algo que é nosa, que nunca deixou de sélo; polo tanto, agora máis que nunca, aplícase aquilo que vostedes decían de “A Palma é nosa”. Nós vamos apoiar este punto conscientes de que os intereses municipais así o requiren.

Co que non estou dacordo é coa segunda parte do Sr.Fernández cando dí que hai unha deuda de 1000 millóns de pesetas que van a pagar os veciños de Baiona; mire vostede, de algo estou seguro: de que os veciños de Baiona non van a pagar un cán da deuda da Palma; a Palma, potencialmente, ten capacidade para que o Concello amortice a deuda e que incluso obteña beneficios nunha futura concesión, porque lóxicamente nun futuro se fará unha concesión por concurso público, libre, transparente, aínda que iso será debate doutro Pleno, pero sí estou convencido de que con este rescate se mellorarán as condicións exteriores da Palma, a superficie, e as condicións de funcionamento do parking. Espero que nos próximos anos teña o remate que lóxicamente lle correspondía a aquel proxecto que nós habíamos presentado no seu día e que por unha serie de razóns, que non quero sacar agora, non se pudo rematar coa brillantez que todos houberamos querido. Estamos a favor deste rescate que é unha medida lóxica, oportuna, e de responsabilidade por parte do goberno municipal. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Penso que tódalas intervencións foron moi clarificadoras; o portavoz do PSOE fala de intereses oscuros, non sei si porque o parking está nun sótano se lle nublou a vista e non sei si eso ten relación a que cando gobernaron ano e medio non fixeron absolutamente nada por mellorar esa instalación municipal e facerse co control. O que pasa é que estamos xa en vísperas electorais e hai que dicir non a todo, hai que tratar de romper, pero algún pode levarse unha sorpresa si ademáis coinciden as eleccións co Día da Arribada, non vaia ser que cheguen naves novas para algún recambio.

Eu penso que os intereses municipais é o que estamos defendendo, oscuros non, simplemente os municipais. Había un compañeiro seu que adicabase a facer auditorías, que non valían para nada; nós non facemos auditorías, facemos estudos da documentación, e por primeira vez neste mandato os técnicos municipais, que eu creo que son persoas serias e responsables, estiveron no Xulgado revisando tódalas contas e todo o que hai que revisar, e o que temos claro é que vamos a notificar ó Tribunal de Xustiza de Galicia que é quen está facendo a valoración do que costa isto, para que o inclúa, como tal especialista en valoración, e dicir que evidentemente eses cartos van a saír logo dunha nova concesión, a deuda que sexa. Agora o BNG ten un tema claro, e o PSOE tamén, que é Aznar, e creo que o Cid tamén era do PP, todo o que ocorreu nos últimos 20 siglos é culpa do PP; pero teño que dicirlle que o Sr.Mantilla, independentemente de a qué partido político esté afiliado, foi nomeado por un xuíz que foi o que declarou que había que intervir para evitar, como pasa nas quiebras, o alzamento de bens, fundamentalmente para iso; e o Sr.Mantilla pode militar no BNG, no PSOE, ou no PP, pero quen o nomeou foi un xuíz para velar polos intereses.

Respecto ó Sr.Fernández, que a verdade é que quedei sorprendido da lucidez expositiva e analítica da súa exposición, pensei que incluso ía dicir “xa o iamos a facer nós”, pero acabou a súa intervención chafando unha gran oratoria que podía ser incluso defendida por Churchill, pasando a ser como un personaxe histórico cun nome que ninguén quer pór ós seus fillos, vostede ó final actuou como Judas: “hai que facélo pero eu me lavo as máns, que o fagan os que están ahí”; recordolle que a vostede o votaron os veciños de Baiona para defender os intereses do Concello de Baiona, na oposición ou no goberno, e polo tanto si vostede ten claro, como así o dixo na primeira parte da súa exposición de que hai que facer o rescate da concesión, logo non pode lavarse as máns e dicir que a responsabilidade é de quen está gobernando; non, a responsabilidade é de tódolos concelleiros que foron votados polos veciños para defender os intereses por encima de todo. Polo tanto non entenda o de Judas como un insulto pero penso que foi a actitude que vostede adoptou hoxe coa defensa dun interés municipal como é o parking. Nós, lóxicamente, vamos a seguir defendendo e vamos a ter claro que esta é a liña que temos que seguir, aínda que haxa atrancos e xente que non o vexa desta forma; non vamos a facer nada que vaia contra os veciños de Baiona, senón todo o contrario.

SR.LORES, PSOE.- O Sr.Alcalde dí que defende os intereses dos veciños, o grupo socialista tamén; o único é que ten un problema o PSOE de Baiona, que polo que se ve non o ten nin o PP nin CMÑ, e o problema é que o PSOE non coñece a cuantía da deuda, entón non podemos defender algo que non coñecemos. Nós



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

non podemos dicir que estamos defendendo ós veciños, rescatando non o aparcadoiro senón unha deuda, é dicir “a Palma non é nosa”, é nosa a deuda neste momento, deuda que non sabemos cal é.

O Sr.Alcalde sempre fala do famoso ano e medio, que debeu ser o máis prolifero porque sempre fala dese ano e medio, pero é que durante moitos anos alguén se lucrou e beneficiou do parking da Palma e non pasaba nada; agora, cando isto é insostible hai que rescatála e decimos que é nosa; son nosos tódolos pufos que nos deixaron, e que non coñecemos; e que o equipo de goberno está empeñado en non traer a este Pleno. Polo tanto non é que falemos de que hai cousas obscuras, simplemente falamos de cousas descoñecidas, é dicir, non sabemos exactamente de canto estamos a falar, nós calculamos pero non temos datos obxetivos, pretenden que aprobemos algo que non sabemos, é dicir, temos que saber canto lle costa ó Concello de Baiona ou en canto ten que ser a próxima concesión si é que a vai haber, ¿e si ninguén a quere?, ¿qué vai pasar?, non podemos tomar decisións deste calibre; nada máis.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Cada día que pasa estou máis preocupado porque cada vez coincido máis co Sr.Vilar. Decía él que estaba dacordo con nós e que a Sindicatura non estivo á altura da súa responsabilidades, evidentemente que non, pero si estivo á altura dos seus intereses ¿eh?, en iso estamos dacordo; non o pode dicir porque está onde está, pero si está á altura dos seus intereses a adjudicatara.

Decía tamén que está convencido de que isto dá beneficios, eu non sei si é que sabe algo que non sabemos nós, si sabe algo dalgunha empresa ou dalgunha institución interesada en coller esta concesión, pero en todo caso si dá beneficios e xa o sabemos ¿para qué vamos facer concesión ningunha?, explóteo o Concello, si está tan seguro, sería unha maneira de ingresar fondos que tanta falta fai; ¿para qué vamos a facer unha concesión? vamos a hipotecarnos con 1000 millóns de pesetas, 6 millóns de euros, pois “a lo hecho, pecho”, vamos a explotálo nós xa que é seguro que dá beneficios; a mín paréceme que é vostede o único que está tan seguro, pero bueno; si en todo caso coñece vostede algunha información dalgunha institución ou algunha empresa dígallo para estar todos a mesma altura, para ter todos os mesmos coñecementos e saber a que atañemos.

Por outro lado eu non son perito en Electricidade, pude habélo sido pero non quixen, grave erro, pero non o son, hai que asumir as decisións tomadas, e é certo que o Cid debía ser do PP, pero os Reis Católicos tamén, e así está o país; e é certo que aquí os veciños nos poñen para defender os intereses de Baiona e lle podo asegurar que a mín defender os intereses sin ser concelleiro me custou 5 multas de un millón de pesetas cada unha, enfrontamentos con familiares e amigos, e agora iso xa pasou e xa non debemos entrar nesa historia pero non me diga que non defendemos os intereses de Baiona; cada ún no seu punto, estarían equivocados úns ou os outros, pero nós si defendemos os intereses de Baiona, o fixemos antes de ser concelleiros e os seguimos defendendo de concelleiros, e nos sigue custando diñeiro do bolsillo, llo podo asegurar; por moito que o Sr.Vilar siga empeñado en facerme millonario, non me faga máis millonario porque cada vez que o fai me funde na miseria.

Esa é a nosa postura e non é un acto nin de cobardía nin de xudeo, é un acto de responsabilidade e de coherencia, de coherencia sobre todo, porque nós nunca estivemos a favor dese proxecto, nunca. Estivemos a favor do Aral, pero non de este, porque en este estaban tódolos veciños en contra, e nos defendíamos os intereses dos veciños de Baiona e creo que estabamos acertados, e volveríamos a facer o mesmo, llo podo asegurar, eu volvería a facer o que fixen. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Creo que o Sr.Fernández está completamente dacordo con todo o que vamos a votar, lle falte valentía para dicir que sí, pero bueno, hai unha traxectoria de antes que lle costa romper pero no fondo eu son consciente de que a él lle gustaría votar que sí porque no fondo, no espírito, está dacordo con que nós votemos que sí. Ademais, vamos a facer unha cousa, vamos a deixar aberto para o futuro o que vostede plantexou aquí, e posiblemente quen vaia a explotar o aparcamento da Palma nun futuro, pero ese será un debate que se fará no seu momento; ¿pode explotálo o Concello?, é posible, ¿pode facerse un concurso libre e transparente por si hai alguén interesado e que ofrezca melloras para o Concello e para o entorno?, tamén é posible, pero ese será un debate que se fará nun futuro; esperemos coincidir con vostede nese punto xa que vemos que agora é moi difícil que vostede vote que sí aínda que no fondo esté dacordo.

SR.ALCALDE.- Penso que o Sr.Fernández o explicou moi claro e por iso dixen que tivo unha intervención brillante, dixo ¿a deuda cal é?, a deuda é a que é, máis os intereses de demora de ano a ano; si a idea é



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

deixálo a 50 anos, que creo que está a concesión polo momento, a deuda será do Concello de Baiona ó final deses 50 anos máis 50 anos de intereses, iso é a deuda; polo tanto, canto antes cortemos a sangría, vai a ser máis rentable para os veciños de Baiona.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8 PP, 1 CMÑ), fronte a 4 votos en contra, PSOE, producíndose 2 abstencións,BNG).**  
-----

E por isto que o Pleno por maioría acorda:

**Primeiro.- Proceder o deshaucio e lanzamiento por vía administrativa das instalacións e servizos complementarios que integran o aparcadoiro soterrado da Palma. Acto que levará a cabo o día 16 de outubro de 2007 ás 8:00 horas.**

**Segundo.- A determinación do xustriprezo polas instalación e obras realizadas por GGP UNO SL non amortizadas á data da resolución do contrato se remite ó que resulte do incidente de execución de sentenza instado por INTERNATIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

**Terceiro.- Notificar o presente acordo ó Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo e a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL.**

**Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Policía Local e Servizo de Urbanismo para os efectos oportunos.**

**6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA Nº 2 REGULADORA DO PREZO PUBLICO ESIXIBLE POLA UTILIZACION DAS AULAS DE FORMACION, AUDITORIO E INSTALACIONES DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

A Presidencia cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen procede a lectura da seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Se propone al Pleno la aprobación de la Ordenanza reguladora del precio público exigido por la utilización de las aulas de formación, auditorio e instalaciones deportivas de titularidad municipal, con el fin de que los usuarios de dichas instalaciones, empresas y sociedades interesados en su utilización puntual, contribuyan al sostenimiento de los costes que tal utilización comporta

De acuerdo con el informe de Intervención nº 102/07, y dado que razones sociales o culturales, así lo justifican, la cuantía prevista a abonar por los usuarios es inferior en algunos casos al coste del servicio, aportando la diferencia el Concello con cargo a sus Presupuestos, concretamente a las partidas del servicio de deportes

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, para su aprobación, si procede, del siguiente **ACUERDO:**

***“Aprobar la Ordenanza reguladora del precio público exigido por la utilización de las aulas de formación, auditorio e instalaciones deportivas de titularidad municipal con efectos a partir de la publicación íntegra de su texto en el BOP, previos los trámites correspondientes”***  
-----



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- A creación desta Ordenanza reguladora do prezo público sobre utilización das aulas de formación, Auditorio e instalacións deportivas de titularidade municipal, é polo vacío con que nos atopamos para contribuir ó sostenemento e mantemento dos costes das mesmas cando se utilizan par distintas actividades. O Concello conta coas seguintes instalacións municipais afectadas por esta Ordenanza: Aula de formación telecentro, Foz do Miñor, con 17 ordenadores; aula de formación no Centro Abobriga, con 15 ordenadores, 4 aulas no mesmo centro sen ordenadores, un Auditorio municipal, o Pavillón municipal, o campo de fútbol Val de Martín, e o campo de fútbol do Aral; todas estas instalacións poden ser utilizadas por persoas naturais, físicas, federacións, clubs, entidades e organismos, previo pagamento das tarifas correspondentes; aínda que os prezos públicos deben cubrir como mínimo o coste do servizo prestado, haberá casos como se comentou antes, que por razóns sociais e culturais, non cubrirán integramente dita utilización; asemesmo estarán exentos das taxas da ordenanza os Colexios Públicos, as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, os cursos e actividades organizados polo Concello, as actividades deportivas dos equipos federados locais, e os de convenios de colaboración firmados polo Concello; así como os espectáculos sin ánimo de lucro que utilicen as instalacións, aínda que obviamente sí se lles exixirá unha taxa ós espectáculos que cobren entrada; polo tanto non é unha ordenanza fiscal de cuota tributaria senón que se trata de prezos públicos para mantér o servizo prestado de dita actividade nas nosas instalacións municipais.

SR.LORES, PSOE.- Máis pronto que tarde temos que pagar polo Aral, máis pronto que tarde aquel espazo público deixa de ser público e van a cobramos por horas e por metros cuadrados, aquí estamos: o Aral, privatizado no subsolo, privatizado na superficie, e sen poder aparcar no seu contorno, aquí estamos, esos son os intereses, eso é a defensa; eu non sei como se vai artellar isto, si se vai a pechar ou non, si se vai a deixar algunha concesión para o que xestionen, aquí está, fai nada que falabamos de isto, decían que non, que iso ía ser un espazo público, e resulta que agora vemos que por metro cuadrado e por minuto, igual que oparking, é o que hai, e o que hai son os intereses. Nós non acabamos de entender isto; tampouco entendemos como se cuantifican estes costes porque non sabemos a como sae o minuto de herba para poder cobrálo; de entrada non nos sorprende en absoluto este tipo de actuacións, a esperabamos máis pronto ou máis tarde, e aquí estamos.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Hai unha cousa que non entendemos: pon "Ordenanza nº 2 Reguladora do prezo publico esixido", esixido polo Concello, lóxicamente, pero ¿a qué ven esta palabra "esixido"?, é un prezo público e punto, non é unha esixencia, si o Concello di sí é sí, si o Concello dí que vai cobrar polas instalacións, vai ser así, vai cobrar. Hai tamén outra cousa, no informe de Intervención dí que esta Ordenanza non é fiscal, pero despois, na seguinte folla, cando dí "debese sinalar, respecto a estes prezos públicos, que unha vez entre en vigor, quedarán sen efecto as taxas previstas na Ordenanza fiscal reguladora da utilización das instalacións deportivas", ou sexa ¿porqué unha non é fiscal e ata o de agora sí era fiscal?; vendo o informe de Intervención da moi ben a entender que significa fiscal e non fiscal, pon o exemplo da recollida de lixo, esa sí hai que pagála, si vives en Baiona hai unhas taxas que tes que pagar, entre elas a recollida de lixo; ésta lóxicamente é opcional, si alguén solicita alugar unhas instalacións municipais ten que pagar, pero ¿porqué agora falas de non fiscal e antes que existían unhas taxas sí eran fiscais?.

SRA.INTERVENTORA.- Todas las Ordenanzas que estaban recogidas en el Concello eran fiscales, tampoco estaba demasiado claro el límite entre tasa y precio público; en un caso tan concreto como éste no puedes exigir una tasa porque se supone que la tasa es lo que se pone en el informe como obligatorio para los administrados cuando no les queda más remedio que optar a ella, o cuando se presta por el sector público en régimen de monopolio, es decir, el único que la puede prestar; en este caso lo solicitan voluntariamente y lo puede prestar el sector privado o cualquier empresa o entidad, por eso es un precio público. Antes se configuraban como tasas, a mi juicio particular yo creo que en ese caso concreto erróneamente, entonces a la hora de modificarlo se recogió como precio público, lo que pasa es que con anterioridad era una Ordenanza fiscal; tengo que hacer referencia a que la anterior era Ordenanza fiscal de tasa, ahora no, ahora no es fiscal; la única diferencia es esa, el trámite de aprobación es similar pero una sería un tributo y la otra no; básicamente es un tema de forma.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

En cuanto a “exigido” no deixa de ser una utilización de un verbo, es un precio público “exigido” o “regulado”.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Nos chamou a atención o de “esixido”, é un prezo regulado pero non esixido; non ten maior importancia. Fálase tamén de quen está exento destes pagos e se dí que son os Colexios, as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, entón aquí volvemos a decir que hai asociacións que non están inscritas no Concello de Baiona que traballan a nivel comarcal ou a nivel provincial, dá igual, ou sexa cando unha empresa ou un colectivo quer facer un acto cultural ou deportivo en Baiona sen ánimo de lucro, da igual de onde sexa; si o Concello lle dá o visto bó pensamos que esta xente non ten porque pagar. Que teñan que pagar por un día no mes de xullo e agosto no Auditorio 800 euros cando nos están facendo unha actividade cultural para tódolos veciños de Baiona e visitantes, dende o momento que o Concello mira ben esa actividade pensamos que deben ser gratuitas; non só as asociacións inscritas no Concello de Baiona deben ter esto grátis, senón tamén outras como por exemplo o festival que fan as monxas de Baiona a fin de curso ¿se lle cobraría?, e á Academia de Baile, que fai actividades gratuitas ¿tamén se lle cobraría o espaz?, é unha empresa, pode non estar cobrando entrada, pero os nenos que van alí a aprender máis que a bailar si pagan unha cuota, non o sei pero me imaxino porque senón esa empresa non daría beneficios.

Neste momento por exemplo DEPORTES GOL ten un campeonato de futbito onde participan 12 equipos de Baiona, no Colexio de Sabarís e no de Covaterreña, é gratuito total, non se pagou nada e se xoga pola semana de lúns a xóves e a partir das 9 da noite, si solicitara o Aral por exemplo ¿se lle cobraría?, porque claro, non están federados, ou sexa, hai xente de a pé, ninguén está federado neste campeonato, ninguén paga tampouco por participar, ¿non poderían eles, dende DEPORTES GOL, solicitar, por exemplo, o Aral?, terían que pagar lóxicamente si usan vestiarios, duchas, etc., e ademáis por hora.

Si me din que se lle vai a cobrar a unha empresa ou a un colectivo que podería estar incluso inscrito en Baiona pero con ánimo de lucro, que vai a facer un acto onde vai cobrar, pois si me parece ben que se cobre ¿cómo vai o Concello a deixar as suas instalacións para alguén que se está lucrando?, pero penso que ata o de agora deses casos hai moi poucos; antes, cando o Aral non tiña herba artificial ao mellor viña unha empresa con motocross ou coches e me imaxino que si se lle cobraba, pero eu falo de cando nós estivemos no goberno: aos circos se lles cobraba, e eu daquela falaba coa Interventora e lle preguntaba ¿cánto se cobra, tanto por metro, tanto por día?, e se lle cobraba, pero claro, é que era unha empresa privada que estaba utilizando un terreo municipal.

A mín me parece que estes prezos son abusivos, non queda ben definida esta ordenanza porque aquí os únicos que non van a pagar son os Colexios Públicos, asociacións inscritas no Rexistro Municipal, e equipos federados, e convenios que haxa co Concello, convenios deportivos se entende aquí; ou sexa, o resto paga aquí todo Cristo aínda que faga unha actividade cultural que ó Concello non lle vai costar un duro senón ó contrario: vai a ser en beneficio de toda a poboación de Baiona que quera asistir.

SR.VILAR, CMÑ.- En primer lugar felicitar ó compañeiro de goberno que redactou esto, é unha Ordenanza perfectamente pensada, se axusta á realidade, e ten en conta toda a sensibilidade cos colectivos, especialmente cos Colexios Públicos, Asociacións inscritas no Rexistro Municipal, que para iso está este Rexistro Municipal de Asociacións, e en canto ás actividades deportivas que se podan facer tanto no Aral como en Bahiña, creo que están perfectamente reguladas e temos uns equipos con unhas amplas escolas deportivas municipais que saben as horas de uso; hai xente que ven de fora a utilizar esas instalacións que son instalacións sensibles porque tanto a herba artificial como a natural non se pode estar machacando constantemente, e está ben que a xente que as use as pague polos gastos que pode facer en canto a vestiario, alumeado, etc., todo isto hai que regulalo; e aquí se está levando o debate a uns temas que non se axustan á realidade, as instalacións do Aral son libres, contan cunhas pistas polideportivas que poden ser utilizadas pola xente, a iso non se pón límite, simplemente se vai controlar o uso do céspede como debe ser, e a nadie se lle vai impedir que vaia alí cun balón e que xogue sempre que esté controlado e en horas libres.

Polo tanto todas estas instalacións que se nomearon aquí como son as pistas do Aral, as de Val de Martín, como as aulas de formación que hai na Foz do Miñor, ou no CIM Abobriga, Auditorio municipal, Pavillón municipal, o campo de fútbol Val de Martín, e o campo de fútbol do Aral, teñen que estar



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

sometidas a un control económico e me parece que esta Ordenanza é correcta, é flexible, e polo tanto nós vamos apoiala.

SR.RODAL, PP.- Decirlle ó Sr.Lores que o Concello non é unha ONG, e que obviamente como comentaba o Sr.Vilar, o Concello ten que estipular prezos para manter determinados servizos; como decía tamén a Sra.Rodríguez que o Concello non perde un duro con algunhas actuacións, sempre teñen que ir operarios do Concello, instalación eléctrica, servizo de limpeza, ou sexa que non é que non lle coste un duro ó Concello; como vostedes saben, en Val de Martín, antes, cando estaba como campo de herba normal, sí se cobraba un coste por xogar. Tamén decía o Sr.Lores que non sabía canto podía valer xogar un minuto, pois creo que é moi sencillo, si vostede mira na última páxina pón que xogar no campo de fútbol do Aral son 20 euros, pois simplemente dividir entre 60.

Sra.Rodríguez, si vai vostede á páxina 4 pon "Asimismo debe señalarse, que en cuanto a la utilización de las instalaciones para espectáculos (como comentaba vostede do tema das monxas) solo será exigible el precio público cuando por dicho espectáculo se cobre una entrada", é decir, que se trate de unha actividade lucrativa.

SR.ALICALDE.- Resulta que a famosa taxa do Aral xa foi aprobada fai ano e pico; a diferenza é que antes se falaba dun campo de terra e agora se fala dun campo de herba artificial, e evidentemente si quer vir calquer equipo a xogar nos parece ben que colabore no mantemento; sobre o que dí das actividades, é moi sencillo Ana, si é organizado polo Concello non vai a pagar nada; si alguén, unha Organización, ten un interés enorme en actuar a nivel cultural ou deportivo, que fale con nós, non hai ningún problema, nós organizamos e non se lle vai cobrar, evidentemente. O que non pode ser é que poida vir calquera, e agora mesmo non se lle pode cobrar a nadie, e si mañán viñera unha empresa de Congresos que quixera alugar por exemplo o Auditorio, non poderíamos alquilarlo porque non hai un prezo; se aplicará lóxicamente cando haia un ánimo de lucro e cando nos interese, e sempre que haia organización municipal non se cobrará a taxa, pero para iso estamos, para facer actividades que se entenden positivas, tanto que estén rexistradas como non, pero lóxicamente si non están rexistradas terán menos facilidades que si o estiveran, é un tema que non o facemos nós, o fai así calquer defensor, mire, o próximo día 28 hai unha carrera popular en Santiago, a máis antiga de Galicia, e nesa carrera se cobran cartos por participar, e van a utilizar as rúas de Santiago, pois ben, quen queira participar vai a pagar polo uso desas rúas, e ¿para que utilizan os organizadores esa cantidade? moi claro: para tratar de axudar a financiar os gastos que conleva unha carrera pedestre popular. Santiago, como calquer outro Concello, trata de chegar a un equilibrio; ou os veciños de Nigrán, que posiblemente nas festas maiores vaian a cobrarlle o 50% da comida, ¿porqué? pois porque é un gasto importante.

SR.LORES, PSOE.- Que o Concello non é unha ONG, xa o sabía, o que eu digo é que aquí o campo do Aral defendeuse como un espazo libre, de libre acceso por activo e por pasivo, se defendeu como de uso público que nunca estaría controlado o seu acceso, etc., e de repente, nós xa sabíamos que ia ser así, aparece isto. Eu supoño que se siguen así dentro de pouco vossos a cobrar por usar os columpios da Palma, sería o mesmo. Si é un espazo libre, que é o que se defendeu pola Palma, é sin pagar, senón é outra cousa; si decíamos que ia ser un espazo aberto a tódolos veciños, que todos o ian disfrutar, perfecto; pero si empezamos xa a controlar esa utilización, e a cobrar por esa utilización, esto é outra cousa. Eu non digo que se teña que pagar ou non polos gastos que se fan noutro tipo de instalacións, pero é como si pasado mañán veñen vostedes aquí dicindo que a hora de columpio na Palma son 15 euros, pois entón lóxicamente tampouco estaríamos dacordo.

En canto ó coste eu me refería a que non está aquí valorado o custo que ten esa utilización, Sr.Rodal, xa sei que eu divido e xa me da canto é, o que digo é que non hai valoración do custo real deste tipo de actuacións polo cal non sabemos si o prezo está axustado ou non ó gasto que iso produce.

Nós estamos en contra de que se privatice o Aral, e vamos a seguir así, polo tanto vamos a votar en contra desta Ordenanza.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Non sei si o Sr.Alcalde entendeu cando fixen a miña primeira exposición; eu digo que si hai unha empresa ou un colectivo que quer facer un acto en Baiona sexa do tipo que sexa con ánimo de lucro é normal que o Concello lle cobre, é normal. Dí o Alcalde que si hai un colectivo de





EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

fora do Concello que quer organizar algo e quer facélo no Auditorio, por exemplo, pois que o organiza o Concello, o Concello colaborará porque lle deixará as instalacións gratuitas pero nunca vai a organizar o Concello, organiza lóxicamente o colectivo de fora do Concello. O Concello o que fará será colaborar e nos carteis lóxicamente porá "organiza tal asociación, e colabora o Concello de Baiona", non pode sacálo como si fora o Concello que o organiza porque entón ¿qué pasa co traballo da xente?, os colectivos tamén queremos medallas; todo o que se fai queremos que se mire e que se sepa quen o fixo, lóxicamente, como vostede fai como Alcalde de Baiona.

Fala tamén da carrera pedestre de Santiago, que cobran unha parte e non sei que máis, pero si o dixo vostede: é para a organización, non ten ánimo de lucro; corren polas rúas de Santiago, claro que sí, pero cobran unha cousa ínfima a cada participante, para que o Concello ou quen organice esa carrera non vaia ás arcas municipais, si é que o organiza o Concello, cobran para poder organizar todo iso, ahí non hai ánimo de lucro; tamén dí que o Concello de Nigrán vai cobrar a comida dos maiores, pois que faga o mesmo o Concello de Baiona, faga o mesmo, que está gastando unha chea de millóns de pesetas na comida, ¿porqué non se cobra?; si Sanidade, por exemplo, obrara 1 euro a tódolos maiores por un medicamento, ou 50 céntimos, non habería as Farmacias que hai nestes momentos.

Unha das cousas que vexo ben que se cobre porque sempre veñen empresas, son as aulas, sempre veñen empresas que non son colectivos, empresas privadas que queren dar clases de informática, clases de recuperación, etc., iso ten lucro, ou sexa, non é unha Asociación de veciños como pode ser a de Sabarís que organiza un curso de informática para os veciños, ahí non hai lucro; agora, a unha empresa privada claro que se lle ten que cobrar, pero porque hai lucro.

SR.ALCALDE.- Vou dar un titular de prensa mañán: Ana, a do BNG, insta a pagar na comida dos vellos e insta ó co-pago en Sanidade, iso é revolucionario. Temos que tomar un café e falar porque estamos dacordo.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- O titular entón terá que decir que vostede tamén está dacordo.

-----

**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8 PP, 1 CMÑ), fronte a 6 votos en contra (4, PSOE, 2 BNG).**

-----

**E por isto que o Pleno por maioría acorda:**

**- Aprobar la Ordenanza reguladora del precio público exigido por la utilización de las aulas de formación, auditorio e instalaciones deportivas de titularidad municipal con efectos a partir de la publicación íntegra de su texto en el BOP, previos los trámites correspondientes.**

## **7.-APROBACION, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DAS FESTAS LOCAIS 2008.**

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra ó Sr.Vilar, CMÑ.

SR.VILAR, CMÑ.- Trátase dunha proposta do grupo de goberno, en parte polas circunstancias que concurren no calendario de Festas Locais para o próximo ano e sobre todo para dar cumprimento ó Decreto 152/2007 da Consellería de Traballo, que nos esixe un acordo plenario para o establecemento de ditas Festas Locais. As festas locais tradicionais que vimos aprobando son as de Santa Liberata e a de San Cosme, unha festa relixiosa como é Santa Liberata, e San Cosme que si ben ten nome de santo é unha festa de carácter tradicional, etnográfico, con tódolo que representa como romería de San Cosme e San Damian.

Con relación a San Cosme creo que tódolos grupos estamos dacordo e defendemos este tema e como para o próximo ano cadra en xóves pois non hai ningún problema en mantéla.

Si temos problema para buscar unhas novas datas para a festa de Santa Liberata que coincide en



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

domingo; a alternativa que baraxamos nun principio era o do 1º de Marzo pero resulta que é un sábado e polo tanto tampouco ten ningunha lóxica declarar ese día como Festa Local. Baraxamos outra posibilidade, a do día do Carmen, o 16 de xullo, nos puxemos en contacto coa Cofradía de Pescadores para que polo menos a procesión marítima e os actos que viñan organizando se celebraran ese día, aínda que somos conscientes de que a festa a queren facer o fin de semana, pero non están pola labor, parece ser que incluso eles prefiren traballar ese día e trasladar sempre a xornada de descanso ó fin de semana. Polo tanto descartouse esa posibilidade.

Puxeme en contacto cos diferentes portavoces, ún deles me falou incluso de Santa Cristina como posibilidade, a estivemos analizando pero tampouco sería moi lóxico facer desta festa de Santa Cristina coa importancia que ten para Sabarís como parroquia máis importante con esa festa local si ó ano seguinte posiblemente tiveramos que plantexarnos a posibilidade de cambiála unha vez que entrara como festa laborable a de Santa Liberata, non tería moita lóxica.

Outras das posibilidades que creo foi a instancia do BNG, era unha festa rotativa a nivel de parroquias, pero iso tamén conleva súas dificultades cando existen parroquias que teñen dúas festas importantes como é o caso de Bahiña, podería incluso con esta rotación coincidir algunha en domingo, polo tanto tamén se descartou. Estivemos incluso analizando unha proposta que nos fixo a concellala do BNG Ana Rodríguez sobre a posibilidade de facer unha en inverno e outra no verán pero tampouco atopamos unhas datas que nos coincidiran.

Por todo elo, e de xeito provisional, propoñemos o lúns da Anunciada, o coñecido como lúns das vellas, pode ser unha festa correcta xa que dalgún xeito posibilita a ampliación da Festa da Anunciada, é unha festa que vai depender dunha decisión municipal e cambiála para o ano seguinte tampouco tería maior problema porque depende exclusivamente de nós, non hai ningún outro colectivo que se poida sentir ferido por ese cambio aínda que sexa solo un ano e polo tanto para o próximo ano e despois de analizar tódalas posibilidades e ver cales poden ser lóxicas e cales non, vamos a propór como Festas Locais en Baiona para o 2008 as seguintes:

- Luns da Anunciada: 4 de agosto de 2008
- Festa de San Cosme e San Damián: 26 de setembro (xoves) de 2008.

SR.LORES, PSOE.- Neste tema non vamos a entrar no debate, simplemente dicir que é un trámite administrativo que de feito xa está enviado á Consellería de Traballo con estas datas fixadas. Facer o comentario de que para nós, un lúns 4, para nós non é un día significativo para unha festa local; nós entendíamos que si nos tocara a nós decidir seguramente non decidiríamos este día; ao mellor o faríamos o mértes do Entroido ou calquer outro día, pero non vamos a entrar no debate e vamos a abstermos neste punto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sorprendinme agora coa presentación da Moción porque non sei en calidade de que a presenta o portavoz de CMÑ, si é en calidade de concelleiro de Festexos ou de que, en todo caso como se descuide o Sr.Alcalde sácalle o bastón e o sillón en calquer momento, total ó final sería o mesmo.

Decía Manolo Vilar que nós habíamos feito unha proposta na C.Informativa de que seguiríamos apostando pola Festa Local fixa xa para sempre de San Cosme e San Damián, proba délo é que este ano houbo unha afluencia de xente importante e creemos que é unha romería, aínda que tamén ten as súas raíces religiosas, pois tamén ten características profanas. Creemos que é unha data que se debe potenciar e que debería ser fixa, para sempre.

Outra historia é o segundo día festivo e polo que vemos aquí o goberno local sigue empeñado en un localismo absurdo e incluso centralista, pero bueno, vamos a chamarlle localismo; ¿porqué?, porque evidentemente non só o Sr.Manolo Vilar, senón o equipo de goberno, que presenta esta moción, desmerece ás Parroquias, porque na proposta que nós fixemos que foi de celebrar rotativamente, en cada parroquia, cada ano, a súa festa patronal, non o consideran correcto porque claro ¿cómo vai a estar un veciño de Baiona de festa local cando é San Lorenzo de Belesar ou Santa María de Bahiña, ou a Cela en Baredo, ou Santa Cristina?, ¡pero si son aldeas!. Ese localismo, ou ese centralismo, como lle queramos chamar, sae fora de toda lóxica nunha mentalidade así, pero é que os veciños das Parroquias tamén somos veciños do concello de Baiona, evidentemente; e o somos para facer Festas Locais, para ter polideportivos, para ter



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

pavillóns, e tamén piscina municipal, ¿porqué non?, ¿porqué ten que estar todo no centro de Baiona?. Non entran Manolo, xa non che quedan máis PERIS, a este ritmo vamos ocupando todo o espazo.

Nós creemos que hai que ter outras miras, e o que nós propuñemos que decía Manolo Vilar que se ia armar un lio, decirlle que este lio que nós propomos, aquí ó lado, onde termina o Concello na ponte de Ramallosa, en Nigrán, se fai tódolos anos, e cada ano, un ano en San Pedro, outro San Xoan, cada ano teñen un lio en cada Parroquia. O que sí é certo é que este ano foi San Pedro porque eu fun precisamente ó Centro Comercial de Ramallosa e estaba pechado porque era festa local e lle podo asegurar que todo o mundo o sabía. O que pasa é que en Baiona entéranse de que é Festa Local o 20 de xullo, Santa Liberata, os que van a procesión de Santa Liberata; pero pregunte vostede en Belesar, ou en Baredo, ou en Bahiña, ou en Sabarís, nin saben que data é a da Festa Local, nin sendo festivo local se acordan déla.

SR.VILAR, CMÑ.- Quero recordarlle a Xose Enrique que en Sabarís non se fixo un pavillón porque vostede non apoiou que no PERI III e no PERI IV se unificaran as dúas zonas verdes.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 6 abstencións (4,PSOE, 2,BNG); polo cal resulta aprobado.**

-----  
**E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:**

**- Aprobar como Festas Locais en Baiona para o 2008:**

- **Luns da Anunciada: 4 de agosto de 2008**
- **Festa de San Cosme e San Damián: 26 de setembro (xoves) de 2008.**

### **8.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA ESIXIBLE POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, que da lectura á seguinte:

#### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**Se propone al Pleno la modificación de la Ordenanza Reguladora de la Tasa por prestación del servicio de abastecimiento de agua potable.**

**Esta tasa recogen dos ingresos de diferente natureza: por un lado el correspondiente a la autorización de conexión a la red, que supone un ingreso de naturaleza municipal, y por otro lado los derivados de la gestión del servicio que son ingresos percibidos por la empresa concesionaria del servicio de agua: ESPINA Y DELFÍN, S.L.**

**- En cuanto al ingreso municipal experimenta la subida del I.P.C. desde la revisión efectuada el ejercicio pasado, y que se concreta en el periodo septiembre 2.006-agosto 2007, lo que supone un 2,3 %, según el certificado del INE que se adjunta al expediente, inferior a la experimentada en el mismo periodo del año pasado que ascendió al 2,9 %. Se pretende con esta modificación actualizar los ingresos municipales, y adecuarlos a la subida del coste de la vida**

**- Respecto al ingreso de la empresa concesionaria del servicio de agua y de conformidad con el artículo 82 del Pliego de Condiciones que regía el concurso, la revisión de las tarifas se efectúa en**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

función de una fórmula polinómica y que da como resultado para el año 2.008 un incremento del 2,42 %. Además de este incremento se repercute sobre las tarifas el 25 % del coste de la compra de agua al Concello de Nigrán en 2005, lo que supone sobre las tarifas de abastecimiento de agua potable una subida de 0,0023 €/m<sup>3</sup> facturado, es decir la subida total sería de un 3,07 % en los consumos mínimos, que es en todo caso sensiblemente inferior a la aplicada en el ejercicio anterior: 7,1 %

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- Modificar las tarifas previstas en la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por prestación del servicio de abastecimiento de agua potable, con un aumento del 2,3 % en cuanto a la tasa gestionada por el Concello y un incremento del 2,42 %, más 0,0023 €/m<sup>3</sup> facturado en cuanto a las tarifas de utilización del servicio gestionadas por la empresa concesionaria, todo ello con efectos 1 de enero de 2.008.

CONTINUA.- Creo que la modificación de la Ordenanza está sumamente clara, o importe para las nuevas conexiones por parte del Concello es el IPC que es el 2,3% y por la forma polinómica como todos estos años o contrato de la empresa concesionaria es del 2,42%, donde sí hay una pequeña diferencia con respecto a otros años es que el Concello tuvo que comprar agua a Nigrán o segundo y tercer trimestre del año 2005 debido a que fue un año de crisis en cuanto a que no había agua y tuvimos un embalse totalmente vacío, entonces hubo que recurrir, después de negociaciones, a comprar esa totalidad de agua; a la empresa concesionaria se le fijó un cargo del 50% de la factura, o 25% restante se le cargó al Concello, y el otro 25% restante es el que se estipula aquí de esta subida de 0,0023 euros/m<sup>3</sup> que se incluirán en la facturación durante estos 6 años.

SR.LORES, PSOE.- En este tipo de ordenanzas de actualización de costes tampoco vamos a entrar en debate porque entendemos que es una cuestión administrativa y por tanto vamos a abstenernos en este punto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Lógicamente nosotros estamos de acuerdo en que cada año los precios de los servicios públicos se aumenten en el IPC, y por tanto, como decía el compañero Lores, también pensamos que son cuestiones más bien técnicas que políticas, exceptuando esa que acabo de decir, y por tanto nosotros vamos a apoyar la propuesta del Alcalde.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor puesto que es algo lógico.

SR.RODAL, PP.- Darle las gracias a la oposición por votar a favor de este punto.

**Sometese a votación por el Sr. Alcalde o presente punto resultando aprobado por 10 votos a favor (7,PP (ausentouse a Sra.Silva), 1,CMÑ, 2,BNG), produciéndose 4 abstenciones, PSOE.**

**En consecuencia, el Pleno, por mayoría, acuerda:**

- Modificar las tarifas previstas en la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por prestación del servicio de abastecimiento de agua potable, con un aumento del 2,3 % en cuanto a la tasa gestionada por el Concello y un incremento del 2,42 %, más 0,0023 €/m<sup>3</sup> facturado en cuanto a las tarifas de utilización del servicio gestionadas por la empresa concesionaria, todo ello con efectos 1 de enero de 2.008.

**9.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA ESIXIBLE POLO SERVIZO DE SANEAMENTO.**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen explica a seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**Se propone al Pleno la modificación de la Ordenanza Reguladora de la Tasa por prestación del servicio de saneamiento para 2008**

**Esta tasa recoge dos ingresos de diferente naturaleza: por un lado el correspondiente a la autorización de conexión a la red, que supone un ingreso de naturaleza municipal, y por otro lado los derivados de la gestión del servicio que son ingresos percibidos por la empresa concesionaria del servicio de agua y alcantarillado: ESPINA Y DELFÍN, S.L.**

**- En cuanto al ingreso municipal experimenta la subida del I.P.C. desde la revisión efectuada el ejercicio pasado, y que se concreta en el periodo septiembre 2.006-agosto 2007, lo que supone un 2,3 %, según el certificado del INE que se adjunta al expediente, inferior a la experimentada en el mismo periodo del año pasado que ascendió al 2,9 %. Se pretende con esta modificación actualizar los ingresos municipales, y adecuarlos a la subida del coste de la vida**

**- Respecto al ingreso de la empresa concesionaria del servicio de agua y alcantarillado y de conformidad con el artículo 82 del Pliego de Condiciones que regía el concurso, la revisión de las tarifas se efectúa en función de una formula polinómica y que da como resultado para el año 2.008 un incremento del 2,42 %, porcentaje en que también se incrementará el canon que percibe el Ayuntamiento de la empresa concesionaria, al determinarse sobre la facturación de la empresa. Este porcentaje es sensiblemente inferior al aplicado en 2006: 7,1 %**

**Por todo lo expuesto, elevo al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:**

**- “Modificar las tarifas previstas en la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento, con un aumento del 2,3 % en cuanto a la tasa gestionada por el Concello y un incremento del 2,42 % en cuanto a las tarifas de utilización del servicio gestionadas por la empresa concesionaria, todo ello con efectos 1 de enero de 2.008”**

CONTINUA.- Trátase do mesmo que no punto anterior, hai unha forma polinómica do Prego do Concurso ó mesmo que no anterior, que é do 2,42% de subida.

SR.LORES, PSOE.- Exactamente o mesmo, non vamos a entrar no debate; o que sí recordarlle ó Sr.Alcalde que cando él estaba na oposición votaba en contra.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Pois llo recordamos nós Sr.Alcalde. Nós vamos a votar a favor deste punto tamén.

**(Ausentase da Sala o sr.Manolo Vilar, CMÑ)**

**Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por 10 votos a favor (8, PP, 2,BNG), producíndose 4 abstencións, PSOE.**

**E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

- “Modificar las tarifas previstas en la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento, con un aumento del 2,3 % en cuanto a la tasa gestionada por el Concello y un incremento del 2,42 % en cuanto a las tarifas de utilización del servicio gestionadas por la empresa concesionaria, todo ello con efectos 1 de enero de 2.008”

**10.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA ESIXIBLE POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

**PROPUESTA DE LA ALCALDÍA**

Se propone al Pleno la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos

Esta modificación consiste en una nueva redacción de su artículo, para hacerlo más completo y adaptarlo a las modificaciones legislativas operadas desde su aprobación inicial en 1996

Por otro lado se lleva a cabo una revisión de las tarifas, desde la última modificación llevada a cabo en noviembre de 2005, por lo que ahora experimenta la subida del IPC en el periodo septiembre 2.005-agosto 2007 y que asciende, según certificado del INE que se adjunta al expediente, al 5,3 %. Esta subida supone pasar de una tasa por vivienda de 67,15 € a 70,71 €

Además se han incluido actividades comerciales nuevas no previstas en la redacción anterior, como es la de instalaciones deportivas, para las que se ha aplicado una tarifa en proporción a su superficie, de manera análoga a otras actividades ya gravadas.

**COBERTURA DEL COSTE DEL SERVICIO:**

De acuerdo con el estudio de costes elaborado por Intervención este servicio supondrá para el ejercicio de 2.008 un coste aproximado de 1.041.927,80 € y un rendimiento previsto de 650.745,37 €, teniendo en cuenta ya el incremento de las tarifas, lo que supone un déficit del servicio del 60 %, porcentaje similar al de otros ejercicios. En cualquier caso y dado que se trata de un servicio de primera necesidad, se considera que existen razones de interés público, que permiten establecer unas tarifas cuyo rendimiento no cubran el coste de prestación de este servicio, conforme establece el artículo 24.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

“Modificar la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos, y aprobar un nuevo articulado de la misma y una subida de tarifas desglosada en su artículo 6, ambos con efectos 1 de enero de 2.008”

CONTINUA.- Realmente a diferencia aquí con respecto ás tasas anteriores é que a subida é de 2 anos, por iso o IPC é do 5,3%; en canto ó articulado, como se comentaba, hai algunha variación, aumentouse algún término como é o de Instalacións Deportivas; asimismo tamén se comenta como é o funcionamento do punto limpo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Os veciños cando se lles dan uns servizos e se lles cobra por ese servizo, lóxicamente deben estar satisfeitos e non ten que haber queixa, pode haber algunha excepcional pero



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

normalmente a xente quere ter un servizo e quere pagarllo; outra cuestión é que ese servizo cada ano se incrementa o IPC, como debe ser, como fixemos agora mesmo, fai un momento, que se aprobaron eses puntos; outra historia ben distinta é que o BNG se vaia meter no xogo do PP en que cando hai un ano de eleccións non se suba o IPC e que para o ano seguinte, xa cando se gañaron as eleccións, se suba o deste ano máis o do ano pasado, ahí si que non vamos a entrar. Creo que hai que actuar con máis honestidade e máis valentía e cada ano subir o IPC. Polo tanto nós estamos en contra desta postura presentada polo PP. Ademais hai outra cuestión ¿vostedes, de vez en cando, saen á rúa e se dan un paseo por exemplo pola rúa Carabela Pinta á altura do Convento onde centralizaron a inmensa maioría de contenedores e aparte de que cheira a un perfume de colonia horrible viron para o chan a cantidade de mugre que existe nas beirarrúas?, Sr.Vilar, creo que é responsabilidade sua agora mesmo, pásese por alí, non acorte por aquí, e mire para o chan, e si ten a sorte de non resbalar, siga; pero aparte do cheiro a colonia que se bota para disimular o fedor insoportable que desprenden os contenedores, por non laválos, algo que sí fixemos nós cada mes en verán e cada 3 meses no inverno cando nós estivemos gobernando, e por iso fomos criticados pola oposición naquel momento, que eran vostedes, vostedes agora pasan olímpicamente de iso. Dá nauseas circular detrás dun camión de lixo cando son novos, dá nauseas pasar por un agrupamento de contenedores de lixo estean onde estean, na Praza de Abastos ou onde sexa, na parroquia que sexa. Dêñse un paseo polas parroquias e vexan vostedes o efecto que fan os amontonamentos de podas e de residuos de todo tipo arredor das isletas dos contenedores. Polo tanto, si ben é certo que as outras propostas as apoiamos, ésta non, porque ademais están cobrando un servizo, incrementan o seu prezo, e non dan o servizo que están cobrando, polo tanto estamos en contra.

En todo caso quero facer unha suxerencia, no artigo 5 dice: “beneficios fiscais”, existen moitas vivendas nas parroquias, moitas, que inxustamente pagan a totalidade da taxa pola recollida do lixo, e aquí dice: “Artículo 5.-BENEFICIOS FISCALES.- 1.-Gozarán de una reducción del 50% sobre la tasa aplicable todas aquellas viviendas, locales o establecimientos que se encuentren entre 150 metros y 300 metros del lugar donde se presta el servicio”. Eu entendo que o lugar onde se presta o servizo é onde está o contenedor, pois hai moitos veciños, eu entre eles, que solicitamos este beneficio fiscal, e se nos denegou, cando dende onde está o contenedor ata miña casa hai máis de 200 metros. Pois non sei porque, en base a que criterio, se denegou, explíquenmo algún de vostedes, ou a Interventora, porque non o entendo, ni eu nin ningún veciño. Agradecería que me explicara esto, Sr.Alcalde.

SR.VILAR, CMÑ.- Si o Sr.Fernández cree que o contenedor lle queda moi lonxe, lle vamos a pór ún diante da sua casa, e logo se vai a queixar o Sr.Fernández de que é un suxeto pasivo dos efectos nocivos dos contenedores; quero dicir que vostede na sua exposición se está contradecendo, por un lado dí que os que están máis lonxe dos contenedores teñen que pagar menos, quedar exentos de taxas, e si estiveran próximos a vostede lle cheirarían.

E lóxico, por responsabilidade, que as veces durante o verán teñamos que controlar o uso da auga porque nunca se sabe como vai a ir o verán; desgraciadamente este verán foi chuvioso e sobrou auga, pero ó mellor esa auga tamén facía a labor de limpeza das rúas; si é un verán seco non temos máis remedio que regar.

En canto ós contenedores, que vostede tanto criticou, creo que se tomaron este verán unhas medidas correctas, e coincido con vostede en que posiblemente exista xente que fan mal uso dos colectores de lixo, e para iso temos unha Policía adicada a controlar este tema e ao mellor habería que chamar a moita xente á responsabilidade porque eu coincido en que moitas veces nas proximidades dos colectores non debería existir ningún resto, pero existen persoas que dun xeito irresponsable fan mal uso deles; pero non lle bote ó Concello esa responsabilidade xa que nós estamos esforzandonos para mellorar na recollida de lixo. E non é verdade que os camións novos cheiren, lóxicamente non van a cheirar a colonia, cheirarán ó que teñen que cheirar, pero non busque criticar por criticar e colabore máis.

SR.ALCALDE.- O tema da distancia sabe vostede perfectamente que quen fai o control é a Policía cando se lle pide, vostede sabe de sobra como fai a Policía as medicións, e eu penso que aínda ten vostede amigós na Policía, non creo que o traten mal e fagan un informe desfavorable.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Non é certo que hoxe surxa isto por un tema electoral, non é por iso porque acabamos de aprobar á de auga e de saneamento que como vostede pode ver se fixo neste último ano, se fixo o ano pasado, vísperas electorais, exactamente igual que o tema do lixo.

O tema de que un contenedor teña un fedor determinado ten unha xustificación, o comentaba Manolo Vilar, o Concello non bota o pescado sen bolsa, por exemplo; non é o Concello; pódense limpar tódolos días os contenedores pero como alguén bote algo sen bolsa está claro que vai cheirar mal. Sobre as actuacións, son as que emprendemos, e claro que é un tema lento, dimos información, se cambiaron contenedores tratando de facer unha reorganización importante e tamén temos unha Policía adicada a temas medioambientais, que en principio foi informativa pero xa hai algunha sanción, entre elas o BNG por chear os contenedores, marquesinas, etc., de papelería coa sua cara, e pasaron meses das eleccións e todavía non foi a limpálas.

O que non podemos é ter unha cuadrilla para cada vez que vostede quera pór información nos contenedores. Todos temos que colaborar.

O que costa agora o servizo o pudo ver vostede perfectamente, estamos soamente cubrendo o 60% co que se cobra, o 40 restante, si houbera colaboración, seguramente estaría arreglado, pero para iso ten que haber educación primeiro dende os propios partidos políticos e despois os cidadáns. Temos que ter un sentido claro do que hai que facer; si deixamos unha bolsa rota para que quede mal o Alcalde ou algún concelleiro, pois é moi fácil facélo así, o difícil é entrar dentro do que é o razonamento, o que ten que facerse é colaborar e nada máis, os contenedores estarían limpos, e senón o facemos así seguirán sucios aínda que se laven tódolos días.

SR.LORES, PSOE.- Nós non interviñamos no debate porque pensamos que se ia discutir sobre a tasa e non sobre o servizo, pero vamos a mantér a posición de abstención en canto á tasa.

Pero falando xa do servizo creo que tanto ó de recollida de lixo como ó de limpeza viaria nestes últimos tempos non é que sexa malo, é pésimo, e o que non vamos a admitir é que se diga que é culpa dos veciños porque eu creo que ningún veciño teña interese en deixar mal nin ó Alcalde nin a ningún concelleiro, simplemente aos veciños ou se lles dá servizo ou non se lles dá; repito que penso que non hai ningún veciño con especial interese en deixar mal a ninguén, os veciños non son da oposición, son simplemente veciños que necesitan servizos. O que non se pode é por desculpas de calquer tipo, eliminar ou suprimir servizos, iso non pode ser; tanto a limpeza das parroquias, no rural, no casco vello, a recollida dos contenedores e a limpeza dos mesmos, o sistema que a veces hai como cando encontramos un colchón ó lado dun contenedor que bota 15 días alí, todo iso realmente o Alcalde o mira como o miramos todos, creo claramente que é un servizo que hai que mellorar.

Sobre a taxa, haberá que actualizála porque realmente é deficitario todo o que se paga, ahí non hai ningunha discusión; e repito que en canto ó servizo, claramente haberá que mellorar.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quero contestarlle a Manolo porque penso que está un pouco despistado,mezcla os cheiros coa ubicación dos contenedores. Estás xogando ó despiste, eres xa un político moi veterano, pero os contenedores cheiran, si tes problemas olfativos te recomendo que lle digas ó teu socio que te recete algo da farmacia.

Cheiran, e para limpálos non pónse en perigo a auga do encoro porque eu contratei varias veces un camión especializado que se adica a lavar os contenedores e recicla a propia auga que trae; é decir, non necesita máis que un pouco de auga para traballar durante todo un día; o que pasan é que cobran, claro, hai que pagarlles, e senón se lles paga non veñen, e esa é xa unha decisión política, polo tanto eu pediría que tomaras isto en conta e que limpiaras de vez en cando os contenedores e os camións.

Os camións, no noso mandato, se limpaban no mesmo centro onde se recollen e cunha máquina de limpiaxe e desengrasantes. E tamén cando gobernabamos nós se facía mal uso por parte dalgúns veciños insolidarios dos centros de recollida de lixo, e máis dunha vez se chamou a veciños que depositaron lixo e se lles fixo recollélo, e así o facían, e a partir de ahí santo remedio, e non había unha Policía específica para eso, pero si se controlaba e se esixía ós veciños que cumpriran coa normativa.

E certo Sr.Alcalde que o ano pasado si subiron o IPC da auga e do saneamento ¿pero porqué?, porque estaba ESPINA Y DELFIN detrás exixindo esa suba, porque se privatizou por parte do PP no seu día para mellorar o servizo que non mellorou, se privatizou o servizo da auga, esa é a realidade, non é outra.





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

E vou decir unha cousa: é unha pena que non estea a Interventora pero penso que o escoitará no ordenador, o que nomeaba eu antes do artigo 5, a mín se me indicou por parte déla porque lle pedín explicacións, que non é onde está o contenedor, que iso era o que tiña que haber dito vostede pero non o dí non sei porqué, porque é unha interpretación moi subxetiva e particular por parte da Interventora, e eu sei que foi ela quen decidiu isto e non estou dacordo, non estou dacordo en absoluto.

SR.ALCALDE.- Pillín, o sabias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Que conste en acta o de “pillín”.

Fixo unha interpretación moi particular porque ela considera que o lugar onde se presta o servizo é por onde pasa o camiión do lixo, non onde está o contenedor; e dí que dende onde pasa o camiión ata miña casa efectivamente hai 150 metros, pero pasa en segunda e eu non vou ir corriendo detrás do camiión coa bolsa para botála encima, pero podería facélo. Pero imaxínese que en vez de ir ata o Caeiro vaia ata a Serralleira, xa non pasa, pero seguiría sen poder acollerme ó beneficio fiscal do artigo 5, punto 1, ¿porqué? porque a 150 metros da miña casa está a autopista e por ahí pasan tódolos camiións de lixo de Baiona, e ¿qué queren, qué vaia a 120 km corriendo para botar a bolsa de lixo dentro do camiión?, isto non ten sentido ningún. Si me dixeran que hai unha distancia de 149,50 metros e me din “non estás dentro da Ordenanza”, pois vale, hai que aceptálo, pero non é o caso.

Como este exemplo meu, hai moitos máis, moitísimos veciños ós que eu sempre lles explico o meu caso e efectivamente é unha interpretación errónea deste artigo; e senón cambien os contenedores de sitio e pónanlos a 150 metros da miña casa para poder decirme que pague a totalidade, entón terei que pagar; mentras, penso que isto é una inxusticia, non só conmigo senón con tódolos veciños que están na mesma situación.

SR.VILAR, CMÑ.- Estou dacordo con que os contenedores cheiran, pero cheiran, en parte, porque hai un incumprimento da normativa; a normativa indica que hai que pór as bolsas pechadas a partir das 8 da tarde, e vostede seguro que vai ó mediodía ou a primeira hora e a maioría dos contenedores están xa con residuos xa que a recollida se fai a primeira hora da mañán. E moi difícil controlar a todo o Concello neste incumprimento e nós estamos creando unha conciencia, ¿que posiblemente haia que tomar medidas sancionadoras coa xente? pois é posible. A realidade é que ese incumprimento dificulta en gran medida a limpeza dos contenedores, non porque o Concello non poña contenedores e non avise e non lle insista ós veciños da hora en que poden pór.

Esta falta de colaboración veciñal que existe conleva ademáis que o tema da recollida de lixo sexa un tema económico de moita envergadura para un Concello, porque non só é a recollida dos residuos sólidos orgánicos, senón tamén dos inertes, das podas, algo que ten ir ó punto limpo e que hai unha normativa para que a xente cumpra. E certo que existen desalmados que poñen un colchón ou outro resto fora do horario, días enteiros, e non podemos recollelo ata que se pase ós 2 días por alí porque xa saberán que non se pode facer a recollida de podas e inertes tódolos días, si ben se poden levar ó punto limpo. Esta falta de colaboración, non de todos, senón dunha minoría, que intenta pór en tela de xuízo toda unha labor importante que se está facendo con relación á recollida selectiva de residuos como a que estamos a levar a cabo no noso Concello.

Respecto ó tema dos contenedores que vostede apuntaba, podolle asegurar que casi no 90% do Concello de Baiona está todo o mundo a menos de 150 metros dun contenedor, e estou aquí despois de facer unha reflexión, no tempo que levo no servizo, que creo que habería que abolir eso dos 150 metros, habería que sustituíla por outra que é moito máis racional que sería que o que ten un contenedor na proximidade e que é un suxeto pasivo dos efectos ás veces nocivos de ter un contenedor próximo, sobre todo polo mal uso que fan o resto dos veciños, eses ó mellor son os que terían que ter unha exención da taxa, eses, que son os que están padecendo a ubicación do contenedor (e non persoas como vostede que senón lle queda a 150 lle quedará a 170 ou 180 metros, que si quer o pomos aínda máis cerca, non hai ningún problema, hoxe en día sobran contenedores), que reclamen esa rebaixa da taxa. Penso que neste tema podemos coincidir, eu son partidario de que agora, ante esta nova situación, que posiblemente se anule esa Ordenanza, xa que a situación de agora non é a mesma de fai 10 anos que foi cando se estableceu así pensando nas zonas rurais, zonas onde existía dificultade para depositar o lixo e había que desplazarse a moita distancia; hoxe en día xa non posto que a recollida se fai por todo o



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Concello. Penso que é moi fácil criticar este servizo, pero en cambio cando se analiza o tema a cousa cambia; creemos que o que se paga polo servizo de lixo, aquí e posiblemente tamén no resto dos Concellos, é unha taxa que nunca lle compensa os gastos que orixina todo o traslado a planta de Porriño, a posta de mantemento e funcionamento do punto limpo, todo iso non compensa, e os Concellos posiblemente sexamos sempre deficitarios porque temos que inyectar unhas cantidades importantes que poderían ser doutros servizos. Pero isto é unha concienciación á que se chegará co tempo e a xente terá que pagar o 100% do coste do servizo; e ao mellor agora habería que duplicar esa tasa pero iso será un debate futuro.

Sí coincidimos en que nos parece oportuno facer a subida tódolos anos para que non resulte tan gravoso. Vamos a votar a favor.

-----  
**Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 6 abstencións (4,PSOE, 2,BNG).**

**E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:**

**“Modificar la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos, y aprobar un nuevo articulado de la misma y una subida de tarifas desglosada en su artículo 6, ambos con efectos 1 de enero de 2.008”**

**11.-.-APROBACION, SE PROCEDE, DA CONSTITUCION DA COMISION SECTORIAL DE URBANISMO.**

SR.ALCALDE.- Presentamos este punto dado que estamos ante un Plan Xeral e un PEPCHAB e nos próximos meses teremos que tomar decisións moi importantes que marcarán o futuro para 15 anos, ou máis, de Baiona; pola importancia deste documento, creemos que é unha idea adecuada e que se realizou xa en varios Concellos, é fundamental abrimos ós sectores máis representativos da sociedade e colectivos técnicos na materia, para que podan expór as suas ideas e podamos lograr así o mellor proxecto. Presentamos por tanto a Comisión Sectorial de Urbanismo, que se reuniría unha vez que teñamos o documento; documento que non está en ningún caixón, Sr.Fernández, sendo modificado polas diferentes Leis que están xurdindo e algunha máis, como creo que é unha da Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, fai dous meses a Lei do Solo de España e proximamente a modificación da Lei do Solo de Galicia adaptándose á Lei nacional, e cando sexa presentado o documento debido a estas modificacións queremos que xa esté a Comisión preparada.

Esta é a composición proposta da COMISION SECTORIAL DE URBANISMO:

**Presidente que será o da Corporación ou membro no que delegue  
Concelleiro de Urbanismo**

**Un representante de cada grupo político**

**Secretaría municipal**

**Arquitecto municipal**

**Representante do equipo redactor do PLAN XERAL**

**Representante do equipo redactor do PEPCHA**

**Un representante:**

**de ACEBA Asociación de Comerciantes de Baiona  
da Confraría de Pescadores Anunciada  
da Asociación de veciños de Baíña  
da Asociación de Veciños A Cela de Baredo  
da Asociación de veciños Castro e Ladeira  
da Plataforma Veciñal de Baíña  
da Asociación de Veciños de Belesar  
da Comunidade de Montes de Baiona**



EXCMO. CONCELO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**da Comunidade de Montes de Baíña  
da Comunidades de Montes de Baredo  
da Comunidade de Montes de Belesar  
da Comunidade de Montes de Santa Cristina  
do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Subdelegación de Vigo  
do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos  
do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industrias  
do Colexio Oficial de Delirantes de Pontevedra  
da Cámara de Comercio de Vigo  
da Asociación de Promotores Inmobiliarios (APROIN)  
da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)**

CONTINUA.- Esto comentouse xa na Comisión Informativa, houbo algo de debate, non moito, porque estas Comisións realmente son para absterse a oposición polo cal non sacamos moito en claro, pero había que presentálo, tratar de discutílo e a ser posible, aprobálo.

SR.LORES, PSOE.- Este tema ten algo de miga, aparentemente parece unha cousa e realmente é outra, o que se esconde detrás desta moción é que o goberno se está armando, hai un problema que está por vir e que é o problema do Plan Xeral e do PEPCHAB, e da a impresión de que o goberno está tomando posicións armándose en contra das posibles intervencións e posibles opinións que poidamos ter os outros grupos. Nós, en canto á forma de facer esta Comisión, non estamos dacordo en absoluto, na forma en que apareceu na Comisión Informativa, cando si realmente non hai nada detrás supónse que algo como é isto tería que ser por consenso de tódolos grupos e nin siquiera se informou, eso significa que aquí os 2 partidos que están agora no goberno teñen un interés claro e particular nesta Comisión.

Na Comisión Informativa preguntamos exactamente cal sería o ámbito e a extensión desta Comisión, e os criterios nese momento do equipo de goberno era para aprobación ou mentras se elaboraba o Plan Xeral. Entendemos que este tipo de Comisións son boas pero deberían ter un sentido máis amplo, que sería empezar xa a pór en funcionamento a Axenda Local 21, onde o desenvolvemento sostible está garantizado e traballando dende un factor máis integral, e non simplemente se limitaría a este Plan Xeral.

De tódolos xeitos nós non vamos a estar en contra de que os distintos colectivos e os veciños participen aínda que sexa dunha forma puntual e casi, casi, interesada, por parte do equipo de goberno; que poidan ofrecer as súas inqedanzas e opinións para un proxecto tan importante como o Plan Xeral; polo tanto non vamos oponernos a isto.

Non entendemos tampouco cal é o sentido de que as Comunidades de Montes estén nunha Comisión Sectorial de Urbanismo cando os montes, teóricamente, non son urbanizables, non entendemos moito esta cuestión.

Estamos a favor de que os distintos colectivos participen na vida pública, na vida municipal, co que non estamos a favor é con que o goberno saque este tipo de Comisións e este tipo de iniciativas cando realmente lle está vendo as orellas ó lobo; esta actitude delata un interés claro do equipo de goberno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nos parece moi ben que se creen Comisións aínda que sexan consultivas, como é neste caso. Non nos parece moi acertado que figuren un grupo de persoas ou representantes de certos colectivos que aparecen aquí, como manifestamos xa na Comisión Informativa, como son o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Subdelegación en Vigo, Inxenieros de Camiños, Canles e Portos, Colexio Oficial de Enxeñeiros Industrias, Colexio Oficial de Delineantes de Pontevedra, Cámara de Comercio de Vigo, APROIN, ou CEP, non atopamos moito sentido a que estén representados nesta Comisión, pero tampouco vamos a pornos en contra dela por culpa de isto, polo tanto nós vamos apoiar a Moción.

SR.VILAR, CMÑ.- Baiona vai afrontar un debate importante, como é, e que ademais ten que estar por razón de fechas, a presentación do PXOU, na que está traballando un equipo redactor con absoluta independencia. Neste tema non é que o goberno se esté rearmando, como decía o portavoz do PSOE, senón que Baiona ten unha tradición en planeamento urbanístico como non a ten ningún Concello do Val Miñor, ningún, e posiblemente aquí non se vaia a dar o problema ocorrido en Gondomar ou en Nigrán entre outras cousas porque nós xa temos un Plan Xeral aprobado; creo que a nivel xeral, incluso por parte dos



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

grupos políticos, somos conscientes da importancia que supón o planeamento urbanístico, e que moitas veces hai que recalificar solo para crecer ordenadamente, ese é un pouco o fundamento do planeamento; vías de comunicación que comuniquen as diferentes parroquias, que dalgún xeito a todo o mundo lle vai afectar. Queremos que cando o equipo redactor faga unha presentación deste avance, todos estes representantes estén alí para recibir unha información de primeira mán, o que será positivo posto que eles van a transmitir ós seus asociados como se desenrola este Plan. Penso que haberá posturas distintas, non é o mesmo a responsabilidade que vai a ter un portavoz dun grupo político, ou concelleiro, que ó final son os que teñen que tomar o papel executivo á hora de aprobalo ou non aprobalo nesta Cámara, que a responsabilidade dos representantes veciñais que van a escoitar, a ver, e a presentar suxerencias; por isto creemos que esta Comisión, canto máis ampla sexa, mellor; incluso se da o caso de que nalgunhas Parroquias, como é o caso de Bahiña, existan representantes tanto da plataforma veciñal como da Asociación de Veciños, nós non queremos ser excluíntes de nadie, estou seguro que actuarán con toda a súa responsabilidade; o mesmo que ocorre coas Asociacións de Montes, e coincido co que decía o portavoz do PSOE en que os montes non son urbanizables, pero de feito Baiona ten un 75% do seu territorio en montes de mán común, polo tanto á hora de planificar é lóxico que estén presentes, incluso para falar dos seus lindes, das zonas que sexan urbanizables ou non, que coñezcan o tema e teñan unha visión global do que vai ser o noso territorio, porque incluso lle poden afectar viais de intercomunicación parroquial. Polo tanto creemos que a súa presenza é imprescindible na Comisión.

Sobre o Colexio Oficial de Arquitectos, Inxenieros de Camiños, Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais, Colexio Oficial de Delineantes, etc., miremos, vivimos nunha sociedade moderna na cal é importante que todos estes colectivos tomen conciencia do que se vai facer en Baiona para que llo transmitan ós seus respectivos colexiados, e penso que ó fin e ó cabo o Plan Xeral vai a ser un reto de todos, desta Corporación, dos veciños, e espero que consigamos para Baiona un Plan Xeral actualizado ás novas Leis que constantemente están saíndo e así logremos un Concello unificado, ordenado; ese debe ser o obxectivo de todos nós; nos parece oportuna e imprescindible esta Comisión independentemente da responsabilidade que teña cada un porque repito que ó final é este Pleno quen ten que aprobar este tema.

Por suposto que nós vamos a aprobalo.

SR.LORES, PSOE.- Nos sorprende esta actitude de participación que ten o goberno á hora de estar pensando nun Plan Xeral e que fai apenas hora e media cando falabamos dunha modificación puntual do Plan Xeral, que tamén é de urbanismo, nin siquiera tiveran a sensibilidade de pórse en contacto cos afectados directamente como é a Comunidade Escolar de Covaterreña; nos sorprende esta actitude participativa e polo tanto desconfiamos desa postura, que por suposto nós estamos totalmente a favor, e pensamos que isto ten máis que ver cun interese concreto do equipo de goberno para solucionar un problema que lle ven encima e que pode ser un instrumento disfrazado de participación. De tódolos xeitos, como decíamos, nós non estamos en contra de que os veciños participen porque creo que co interese de instrumentalización do equipo de goberno está despois tamén o saber estar das distintas Asociacións que van a loitar polos intereses verdadeiros dos veciños; polo tanto non vamos a votar en contra, simplemente vamos a abster.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A prudencia do Sr.Lores está máis que xustificada coñecendo o que se coñece, en todo caso nós dixemos que iamos apoiar a proposta e que non entendíamos moi ben a participación deses representantes, pero en todo caso eu quixera deixar clara unha cousa: o Plan Xeral (por certo, é aprobación inicial, non avance, Sr.Vilar, é a presentación da aprobación inicial) leva un ano e pico de atraso, hai Leis novas, evidentemente, pero como sigamos pretendendo adaptalo ás últimas Leis vai estar no caixón toda a vida porque dende que levo eu de concelleiro xa se levan cambiando unhas cantas veces as Leis; para o ano que ven hai eleccións e como haia cambio de goberno se cambiarán de novo, é dicir, vamos a ter Plan Xeral para toda unha vida, polo tanto hai que chegar ó momento de coller ó toro polos cornos e dicir "agora é un bó momento para a Alcaldía porque están as eleccións recentes e entón temos moito tempo para facer olvidar á xente, é un bo momento", digo eu que o aproveitarán sendo como é un bó momento para o equipo de goberno.

O Sr.Vilar dixo "o equipo redactor, independente", coas miñas dúbidas Sr.Vilar, será independente pero houbo aquí concelleiros que a súa familia estivo mercando terreos en sitios rarísimos, extranos e pagandoos por moita cantidade de diñeiro, moita cantidade para o que eran, non para o que van a ser; moitos terreos,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

en Baredo e en Sabaris; onde estaba o Franki, un empresario madrileño a través dun familiar dun concelleiro comprou 80.000 metros cuadrados, en zona de Ordenanza 9, e foi denunciado nesta Sala. Por iso digo que o de "independiente" como na Mili ó valor se lle supón, nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Me gustaría que o Sr.Fernández non fora tan ambiguo, que concretara, pero supoño que non falará de concelleiros que estén aquí presentes.

SR.ALCALDE.- Decirle ó Sr.Lores, posto que parece unha ameaza que nos lanza, que si tiveramos medo de que romperan os cristais do Concello, entraran nos Plenos, etc., non fariamos una Comisión Sectorial de Urbanismo; contrataríamos uns guardaespaldas. En Nigrán querían aprobar un Plan, romperon os cristais, etc., e agora crean a Comisión Sectorial de Urbanismo ¿qué intereses ocultos ten o señor Efrén Juanes?, ¿cál é o tema?. Si hai ameazas de que aquí vai a pasar de todo entón contratamos uns matóns e non gastamos en nada máis; eu creo que o que trata de decir é que "si queremos unha cousa está ben, e senón estamos nós no carro están mal". Creo que nunha ocasión comentei con vostede que co Plan Xeral non se debe xogar; non vai ser para nós, nin para vós tampouco, seguramente será para os nosos fillos, para os nosos descendentes, por tanto creo que debemos facer un bó documento e tratar de que saia co maior apoio posible.

-----  
**Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por 11 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG), producíndose 4 abstencións,PSOE.**

**E polo que, o Pleno, por maioría, acorda aprobar a creación da COMISIÓN SECTORIAL DE URBANISMO coa seguinte composición:**

**Presidente que será o da Corporación ou membro no que delegue**

**Concelleiro de Urbanismo**

**Un representante de cada grupo político**

**Secretaría municipal**

**Arquitecto municipal**

**Representante do equipo redactor do PLAN XERAL**

**Representante do equipo redactor do PEPCHA**

**Un representante:**

**de ACEBA Asociación de Comerciantes de Baiona**

**da Confraría de Pescadores Anunciada**

**da Asociación de veciños de Baíña**

**da Asociación de Veciños A Cela de Baredo**

**da Asociación de veciños Castro e Ladeira**

**da Plataforma Veciñal de Baíña**

**da Asociación de Veciños de Belesar**

**da Comunidade de Montes de Baiona**

**da Comunidade de Montes de Baíña**

**da Comunidades de Montes de Baredo**

**da Comunidade de Montes de Belesar**

**da Comunidade de Montes de Santa Cristina**

**do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Subdelegación de Vigo**

**do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos**

**do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industrias**

**do Colexio Oficial de Delirantes de Pontevedra**

**da Cámara de Comercio de Vigo**

**da Asociación de Promotores Inmobiliarios (APROIN)**

**da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)**

**12.-MOCIONS.**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

### **12.1) MOCION DE URXENCIA DO EQUIPO DE GOBERNO.**

SR.ALCALDE.- Explico a urxencia, aínda que tecnicamente a explicará a Secretaria porque é un tema moi técnico, en canto á expropiación de Silleiro non aparecen rexistradas unhas propiedades que pertencían á Comunidade de Montes de Baredo, polo que se trata de tomar un acordo para modificar ese proxecto de expropiación e remitirlo ó Ministerio Fiscal para a expropiación forzosa, e tamén á Xunta de Galicia.

-----

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urxencia da moción, resulta aprobada por unanimidade.**

=====

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Secretaria quen da lectura á seguinte MOCION:

12.1.- MOCIÓN RELATIVA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS AFECTADOS POLA OBRA "COLECTORES XERAIS E ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE BAIONA".

Pola Presidencia dáse conta da urxencia da moción relativa a modificación do proxecto de expropiación xa que os terreos que no proxecto figuran como de titularidade de Mancomunidade de Montes en man Común de Baredo non aparecen rexistrados como tales. O presente acordo notificarase ó Ministerio Fiscal e a Xunta de Galicia para a declaración da urxente ocupación.

Sometida a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Acto seguido o Sr. Alcalde cede a palabra a Secretaria da Corporación que procede a lectura da moción "*Resultando que en data 15/02/2007 pleno da Corporación adoptou acordo de aprobación do o proxecto de expropiación dos bens e dereitos afectados pola instalación da Estación depuradora de augas residuais en cabo Silleiro segundo descrición e avaliación incluída no proxecto. No proxecto de expropiación aprobado, realizado en base datos catastrais, figura como propietario da parcela 1 (polígono 1, parcela 10) e 20 (polígono 1, parcela 20) a Mancomunidade de Montes en Man Común de Baredo.*

*Resultando que o Pleno de data 3/05/2007 modificou o proxecto de expropiación en base as alegacións presentadas e adoptou acordo de remisión do expediente á Xunta de Galicia, para os efectos da obtención da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia unha vez cumprida a tramitación.*

*Logo da remisión do expediente de expropiación forzosa a Dirección Xeral de Administración Local require o Concello a subsanación de determinada documentación entre a que se atopa "Aclaración da antureza xurídica das parcelas que na relación de afectados figuran como pertencentes á Mancomunidade de Montes de Baredo, e no suposto que sexan montes veciñais en man Común. Certificación acreditativa da resolución que recaiga no expediente, para a declaración de prevalencia da utilidade pública ou interese social, tal como determinan os artigos 2 e 6.1 da Lei 13/89, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 6.1 do Decreto 260/92, do 4 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a execución da devandita lei"13/89"*

*Resultando que tramitado o expediente de prevalencia perante a Consellería de Medio Rural esta resolve que " Non procede tramitar a prevalencia dado que as parcelas de expropiación atópanse fora do croquis de clasificación e do deslinde da C.M.V.M.C de Baredo".*

*É Por isto polo que proponho ó pleno da Corporación*

Primeiro.- Modificar o proxecto de expropiación aprobado polo pleno de data 15/02/2007 e posterior modificación de data 3/05/2007 declarando como descoñecida a titularidade das parcelas parcela 1 (polígono 1, parcela 10) e 20 (polígono 1, parcela 20) do proxecto de expropiación.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

*Segundo.- Remitir o presente acordo ó Ministerio Fiscal consonte o artigo 5 da Lei de expropiación forzosa.*

*Terceiro.- Remitir o expediente a á Xunta de Galicia para os efectos de continuar a tramitación do expediente de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de Colectores e EDAR do Concello de Baiona.”*

Non habendo intervencións ométes a votación a moción resultando aprobada por unanimidade de todos os presentes.

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Moción, resulta aprobada por unanimidade.**

**12.2) MOCION DE URXENCIA. PROXECTO AEROXENERADORES DA SERRA DA GROBA. ALBARIÑO I.**

SR.ALCALDE.- O motivo da urxencia desta Moción é porque se quer implantar na serra da Groba no Concello de Baiona, así como nos Concellos de Oia e Tomiño, un proxecto chamado ALBARIÑO I, para que canto antes se adopte acordo polo que poida afectar o desenvolvemento futuro do proxecto.

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urxencia da Moción, resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

-----  
SR.ALCALDE.- Esta Moción foi discutida por tódolos grupos municipais, en principio está asinada polo PP, por CMN, e polo BNG, e dí o seguinte: **12.2 .-MOCIÓN RELATIVA O PROXECTO SECTORIAL ALBARIÑO I.-**

A Presidencia da conta da moción relativa o proxecto de aereoxenedaores que se quere implantar na Serra da Groba a través do Proxecto Albariño I e que afecta ós concellos de Oia e Tomiño e concretamente o desenvolvemento futuro do Concello de Baiona.

Sometida a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Acto seguido o Sr. Alcalde procede a lectura da moción “ *Os portavoces dos grupos municipais do Concello de Baiona abaixo asinantes, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte*

**MOCIÓN**

*Baiona debido a súas condicións mediambientais, sociais, xeográficas e históricas decidiu que os pilares da súa economía recairan sobre criterios de desenvolvemento sostible: pesca e marisqueo, turismo de praia e náutico, rotas medioambientais,...*

*Baiona foi o primer municipio de Excelencia turística de Galicia proposto polo Ministerio de Economía y Hacienda, o día 7 de novembro de 1997, e no que entre os seus obxectivos figuraban a mellora do medio urbano e natural do Concello, a posta en valor dos seus recursos turísticos, a ampliación e mellora dos espazos de uso público e a sostenibilidade e implicación da poboación e dos axentes locais na cultura da calidade, sendo unha das obrigacións fundamentais do devandito convenio por parte do concello de Baiona o velar pola sotenibilidade económica, social e medioambiental do Municipio, especialmente pola calidade do medio ambiente e natural e pola dos servizos públicos,*

*O Concello de Baiona non está en contra das enerxías renovables, pero considera que a*



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

*implantación dos aeroxeneradores do proxecto Albariño 1 no noso territorio na Serra da Groba modificará non soio visualmente, senón tamén medioambientalmente unha zona paisaxística para a desestacionalización turística de Baiona, un dos obxectivos do Plan de Excelencia Turística, no que Baiona basea a súa economía, e polo que vimos apostando e pondo en valor nos últimos tempos.*

*O informe do técnico municipal (que se adxunta) ademais amosa as deficiencias do proxecto (inexactitudes nos límites do territorio municipal, diferenza no número de aeroxeneradores no territorio municipal, non recoller as realidades arqueolóxicas e etnográficas da zona,...) e fai que se entenda como un proxecto non apto para ubicar no noso Concello.*

*Consideramos que non existe utilidade pública neste proxecto e polo tanto*

*REXEITAMOS o proxecto Albariño 1 por non amosar respecto as condicións ambientais do Concello de Baiona.*

*A vista de todas estas consideracions o Pleno do Concello de Baiona*

*SOLICITAMOS :*

*1.- A PARALIZACIÓN E RETIRADA DO PROXECTO ALBARIÑO 1*

*2.- A remisión deste Acordo as Consellerías de Innovación, Industria, Comercio e Turismo e a Consellería de Medio Ambiente”*

CONTINUA.- Como dixen, estivemos cos colectivos mobilizados ante este tema, revisamos as implicacións que isto suporía, as localizacións, e creemos que non vai aportar nada ó futuro de Baiona e sí vai a restar un potencial que temos ahí, unha Serra importantísima que desgraciadamente afectada polos lumes de fai 1 ano, pero que ten posibilidades de rexeneración e de volta a utilizar como se estaba utilizando. Por tanto creo que a nosa postura, a dos 3 grupos, é clara en defensa dos intereses dos veciños e do futuro de Baiona.

SR.LORES.- En principio o PSOE vai apoiar esta Moción, por tanto vamos a votar a favor. Simplemente aclarar que non a asinamos por un problema de forma e de procedemento, entón agora trataremos de explicálo: a Xunta de Goberno do Concello de Baiona pediu informes a Patrimonio e sabemos que estamos pendentes tamén de informes de Medio Ambiente e de Política Rural sobre as consecuencias e o impacto medioambiental e visual que pode ter este parque eólico en Baiona, e pensamos que si pedimos informes se debe esperar polo menos a recibílos e despois valorálos; entón, adiantarnos a unha posición contraria dunha forma definitiva como é asinando esta Moción parécenos que casi rompe as normas de cortesía; nós pretendíamos cando nos chamaron hoxe, e eramos coñecedores desta moción, que a aprobación fora cautelamente mentras non chegan eses informes, aínda que despois poideramos manifestarnos. Este é o motivo polo cal nós non asinamos esta Moción, aínda que vamos a votar a favor porque entendemos que para Baiona esto non ten ningún beneficio concreto, aínda que entendemos e estamos a favor da enerxía eólica e de que nalgún sitio hai que póla; cando nos toca a nós decimos que non porque creemos que para Baiona non é bó.

O que non compartimos é que por un lado se pidan informes e por outro non se espere a que as distintas Consellerías se pronuncien, cando ó mellor xa estas Consellerías din que este parque eólico se suprime, polo tanto ó mellor estamos tomando un acordo sen ter porque.





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nós sí asinamos esta moción conxunta porque dende logo dende o grupo municipal do BNG estamos totalmente dacordo en potenciar as enerxías renovabeis, sexan eólicas, ou solares, pero cun pouco de sentidiño. Creemos que a Serra da Groba non é o lugar máis idóneo para ubicálas porque precisamente é un espazo natural pero tamén é cultural, alí hai arte rupestre, hai petroglifos, hai iacementos arqueolóxicos, hai un patrimonio inmaterial importantes con máis de 9.900 toponimios soamente no Concello de Oia, aínda están por recalificar tódolos de Baiona, e existe tamén un patrimonio animal que é de alomenos 2150 cabalos dunha pura raza salvaxe galega que non hai noutro lugar. Creemos que todos estes son motivos para potenciar e pór en valor a serra da Groba, creemos que o Concello de Baiona debera potenciar estes valores que ten no monte e que o debe facer recuperando e pondo en valor todo este arte rupestre, petroglifos, iacementos arqueolóxicos, e que o mellor debería coller exemplo da Comunidade de Montes de Sabarís que agora mesmo está facendo un desembolso económico moi importante no seu monte e que como se pudo demostrar este verán nos recorridos que houbo nocturnos organizados polo Instituto de Estudos Miñoranos, eu fun a dous e foron un completo éxito, foron xuntanzas de máis de 300 persoas, e ademáis pasando ben, disfrutando, instruíndose, e incluso coincidiu cunha noite maravillosa; polo tanto todo isto se ten que potenciar e cando nós estivemos nas pasadas eleccións negociando o goberno municipal de Baiona, e o BNG collería a Concellalía de Turismo, decía todo o mundo alleo ó BNG que non entendía esa postura do BNG, e en parte por ahí van os tiros, é dicir, non o entenden porque teñen outro concepto moi distinto do turismo para Baiona que o que temos nós, evidentemente.

Para nós é importantísimo potenciar estes recursos sostibles que existen neste Concello, e no caso de que se levara a cabo este proxecto pois sería unha heiba para poder desenrolálos. O que hai que deixar claro é que a Consellería de Industria, Comercio e Turismo deu trámite a esta solicitude dunha empresa privada, é unha Consellerías do BNG, que preside o meu compañeiro Fernando Blanco, e que dende logo vai a ter en conta tódalas posturas que se adopten nos Concellos afectados, pero tamén temos que ter en conta de que o trámite que se lle deu ó proxecto presentado por esta empresa, EUROVENTO, foi en base ó plan eólico do ano 95 reformado no ano 97, e aprobado e diseno polo Partido Popular; lles guste ou non lles guste, díggollos por si non o coñecían, non vaia a ser que lles tiren das orellas dende Santiago por porse en contra dun proxecto, dun plan, do PP. Foi un plan dirixido e fomentado polo PP.

Este proxecto que nos presenta EUROVENTO supera o estudo medioambiental que presentan, e isto alguén terá algún día que tomar máis desta historia, supéralo porque o proxecto se adapta ó estudo medioambiental que fixo a empresa que presenta o proxecto, un sinsentido, como decíamos no seu día que era un sinsentido que o proxecto medioambiental do Clube deportivo RONAUTICA, o segundo porto deportivo, o presentara unha empresa pagada por RONAUTICA, onde decía que o que había alí eran michocas e que as edificacións con creaban impacto; claro, te das conta de que os individuos que fixeron o informe estaban nun iate, e claro, dende o iate non creaban impacto, pero dende a carretera sí, eles non mentían porque dende o iate no se creaba impacto. Aquí pasa exactamente igual: tampouco minten, pero claro, é que dos 60 puntos arqueolóxicos que existen no monte da Groba eles recollen aquí soamente 30 porque son os que están catalogados; os outros 30 non o están, pero sí existen. Iso terá que ser tido en conta. Tampouco se ten en conta que hai dous fosos de lobo na serra da Groba, dos poucos que hai en Galiza, ún moi ben conservado, e que dous dos aeroxenerados se montan encima dos muros do foso de lobo; e non valoran eso porque estes fosos non están catalogados, e polo tanto teóricamente cumpre.

E un proxecto que non debe levarse a cabo, que ten un rexeitamento social moi importante, e ademáis nos chocou moito que si ubicamos eses aeroxeneradores na serra da Groba están moi ciscados, pero os metros cuadrados afectados son 2 millóns ¿isto significa que entre cada ún deles o día de mañán vanse a meter 50 máis?, porque inicialmente o número era 3 veces máis do existente, e ¿porque se afectan 2 millóns de metros cuadrados e en que se fundamenta esa afección?. Hai outra cousa, curiosamente eses metros cuadrados están exactamente ubicados onde o ano pasado ardeu o monte, exactamente encima da superficie queimada, que casualidade. Entón empezan xa a cuadrar as contas; pero aínda cadran máis cando non só no proxecto de Baiona ubican na superficie queimada os parques eólicos, tamén o fan no resto dos Concellos onde ardeu o monte; eu creo que isto xa é unha cuestión que debera abocar nunha Fiscalía, para abrirose investigación; me parece que sería o mínimo que teñen que ter en conta porque é moi sospeitoso que para poder darlle o uso que van a ter eses terreos que sexa xustamente



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

onde están queimados; e eu, ós meus 48 anos, xa non creo en casualidades; serán outras cuestións de atrás. Estamos en contra desa ubicación e de que se faga este proxecto veñan os informes que veñan, a nós isto aquí non nos interesa en absoluto. Temos que explotar o monte noutras circunstancias e temos que sacarlle un xugo moito máis importante de cara ó turismo, de cara ó patrimonio cultural de tódolos baioneses, e por tanto nós vamos a facer todo o que estea a noso alcance para impedir que este proxecto vaia adiante.

SR.VILAR, CMÑ.- Me congratula que tódolos grupos apoiem esta Moción, e que se enfocara como nós defendimos dende o primer momento: a ubicación dos aeroxenerados na Groba non podía estar a expensas dunha declaración de zona medioambiental ou o que decidan entes alleos ó Concello de Baiona, senón que Baiona tiña que defender a non ubicación baseándose na súa realidade xeográfica e sobre todo medioambiental, e especialmente, socioeconómica. Para defender esto, e para rexeitar este tema, non temos que chearnos de razóns senón simplemente basearnos no que anteriormente dixen e baseime nalgo que non lle damos importancia e me gustaría que os concelleiros puxeran en valor que é o Plan de Excelencia Turística de Baiona, que foi o primeiro de Galicia, asinado sendo quen lles fala Alcalde de Baiona, ademáis do Vicepresidente do Goberno Español, Sr.Rodrigo Rato, xunto co Secretario Xeral de Turismo de Galicia, e a Presidenta, daquela, da Asociación de Empresarios de Baiona, nun primer protocolo. Este Plan supuxo unha inversión moi importante pero tamén marcou unha serie de obxetivos fundamentais para Baiona como primer municipio de Galicia de Excelencia Turística. Baiona está incluída no Plan Marco de competitividade do turismo español, ese plan comprendía o período do 1996 ó 1999 e perseguía, e o dí textualmente, obxetivos sociais, económicos, e medioambientais para a mellora da competitividade do sector turístico español e entre eles ó da mellora da calidade dos destinos turísticos; a Serra da Groba ten un valor que entra dentro destes parámetros, a xente que ven a Baiona sube a esta serra a disfrutar e mirar un paisaxe natural, a disfrutar da riqueza dos petroglifos, do legado cultural, ou incluso observar penedos que tardaron millóns de anos en producirse, e non esquezamos que non tódalas serras son iguais, algunhas teñen un difícil acceso, son escarpadas, pero non é o noso caso que é perfectamente compatible e paseable, pero que especialmente é importante para a desestacionalización do turismo, que é un dos grandes obxetivos deste plan de excelencia; durante o inverno é moi difícil que a xente acuda á praia, sen embargo é moi fácil que disfruten da serra a través das rutas de senderismo, paseos en bicicleta, etc.

Este convenio asinado co Goberno de España dí tamén que Baiona é tamen zona piloto para aplicación do Plan de Excelencia Turística, e dentro dos obxetivos mellora a mellora do medio urbano e natural do Municipio, ampliación e mellora dos espazos de uso público, mellora dos servizos públicos, aumento diversificación e mellora da oferta complementaria turística, posta en valor dos recursos turísticos, creación de novos produtos, aumento da calidade dos servizos turísticos, sensibilización e implicación da poboación e axente locais nunha cultura de calidade; polo tanto que quede perfectamente claro que esta Moción en contra da ubicación dese proxecto se basea fundamentalmente neste Convenio Marco asinado co Goberno do Estado Español.

Tamén dí noutro punto que a Corporación velará pola sustentabilidade económica, social e medioambiental do Municipio, especialmente pola calidade do medio ambiente urbano e rural, e pola dos servizos públicos, evitará o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aloxamento, e velará polo estricto da normativa urbanística e da ordenación territorial.

Este documento ten que ser a nosa agarradeira máis importante para que eses aeroxeneradores se ubiquen no noso territorio; non é compatible esa instalación no noso Municipio, sen que isto queira dicir que nós estemos en contra das enerxías renovables que sí son posibles noutros Concellos.

-----  
**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Moción, resulta aprobada por unanimidade.**

**E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda solicitar o seguinte:**

**1.- A PARALIZACIÓN E RETIRADA DO PROXECTO ALBARIÑO 1.**

**2.- A remisión deste Acordo as Consellerías de Innovación, Industria, Comercio e Turismo e a Consellería de Medio Ambiente”**



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

### **12.3) MOCION DE URXENCIA DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ, BNG:**

#### **MOCION DE URXENCIA, POR MOTIVO DO ANUNCIO DA CONSELLERIA DE POLITCA TERRITORIAL DA REFORMA DOS ENLACES DE AG-57 EN SABARIS, A RAMALLOSA E NIGRAN.**

Exposición de Motivos.

O Pasado Mércores, 19 de Setembro, a Consellería de Política Territorial, María Caride e a Delegada desta consellería na provincia de Pontevedra Isabel Domínguez anunciaron a próxima reforma dos enlace de AG-57 en Sabarís, a Ramallosa e Nigrán (Praia América), tramos que na actualidade só permiten a comunicación con Vigo.

O BNG dende o avance para a construción da actual autoestrada AG-57, sempre afirmou que o trazado proxectado non solucionaría o problema do tráfico non só e n Baiona senón tamén no Val Miñor, e sempre sinalou a necesidade da creación de viais que fixeran as veces de circunvalación entre os tres Concellos do Val Miñor.

Agora ben, o que si nunca contemplamos nas nosas propostas, era que eses enlaces foran previo pago de peaxe. Cuestión que nos parece un completo erro, xa que lonxe de solucionar os problemas de tráfico existente entre a comunicación dos tres Concellos o que fará é que se mal gasten 20 millóns de Euros, nunha infraestrutura que resultará totalmente inútil.

É máis, o BNG entende que o actual cobro de 1,35€ por traxecto entre Baiona e Vigo non está para nada xustificado, xa que as actuais vías de comunicación que existen entre o noso Concello e Vigo están na actualidade completamente saturadas, e a utilización da actual AG-57 sería un grande aliviadeiro de vehículos se non se cobrase esta peaxe. Moitos veciños e veciñas de noso concello non se poden permitir pagar esta peaxe todos os días para poder acudir os seus postos de traballo. Queremos sinalar que un veciño/veciña que teña que utilizar os cinco días de semana esta autoestrada por ir e vir do seu traballo estalle supoñendo un custo mensual mínimo de 255€ entre peaxe e combustible, é decir, practicamente un 50% do salario mínimo interprofesional.

Ádemas, sen ir máis lonxe, temos como exemplo o tramo de autoestrada de recente creación entre o Alto de Puxeiros e Tui, resultou ser unha infraestrutura que está totalmente infrautilizada e que para nada solucionou os problemas de tráfico no Concello de Mos.

En Baiona non podemos permitir que se volvan a cometer erros que xa se cometeron outras veces, nin noutros lugares. A consellería de Política Territorial vai gastar 20 millóns de euros unha infraestrutura que non vai solucionar os problemas de comunicacións nos concellos do Val Miñor.

*É por isto polo que o BNG presentar esta moción, para a resolución dos seguintes acordos, con carácter de urxencia.*

1º - Que o Concello de Baiona se dirixa a Consellería de Política Territorial para solicitarlle que os enlaces entre os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán sexan libre de Peaxe.

2º- Que o Concello de Baiona se dirixa a Consellería de Política Territorial e o Ministerio de Fomento para que suprima o actual peaxe da autoestrada AG-57 entre o Concello de Baiona e a Cidade de Vigo.

-----



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creemos que está xustificada a urxencia porque en principio tamén se están elaborando, aparte deste proxecto, os orzamentos do ano que ven e debe contemplálo a Consellería para poder xustificar esta Proposta.

-----  
**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urxencia da moción presentada polo BNG, resulta: votos a favor, 11 (8, PP, 1,CMÑ, 2,BNG); abstencións, 4,PSOE, polo cal apróbase a urxencia.**  
-----

SR.FERNANDEZ, BNG.- O segundo punto ven por enésima vez a esta Sala, esperemos que se aprobe dunha vez por todas a supresión do peaxe deste tramo da autoestrada e creemos que esta debera ser a política que se levara a cabo dende sempre cando se iniciaron os primeiros trámites da construción desta autoestrada, a plataforma de alternativa para este vial así o exixía, inicialmente no PXOU xa viñan contempladas estas circunvalacións, xa viña todo isto contemplado, despois se eliminaron por cuestións puramente políticas, e creemos que xa é hora de que isto se volva a recuperar e que o goberno galego que está na liña de eliminar os peaxes de tódalas autoestradas debera ter en conta tamén que actualmente hai moitos veciños que teñen algún familiar que sí lles costa diñeiro e non digamos xa ir de aquí a Pontevedra ou a Santiago tódolos días o que supón un encarecemento importantísimo para a economía dun traballador de a pé.

Pedimos o apoio para esta Moción e que se remita ás Consellerías correspondentes.

SR.ALCALDE.- Pídlle ó Sr.Fernández que poidamos ter coñecemento previamente ó Pleno das Mocións para que poidamos falar antes igual que ocorríu co punto anterior. Respecto á Moción, estamos totalmente dacordo os 3 Alcaldes, plenamente dacordo. Pediría engadir como 3º punto "Instar á Consellería ó inicio urxente das obras de interconexión do Val Miñor", porque é moi importante que canto antes poidamos utilizálas e non quedarnos como ata agora que dende fai 2 anos e medio que se asinou ese convenio entre os Concellos e a idea é que poida facerse xa.

SR.LORES, PSOE.- En principio a retirada da peaxe non é posible, pagarémola nós ou tódolos galegos, pero si pasa como na ponte de Rande iso significa que agora pagamos tódolos galegos, porque iso sae dos presupostos da Autonomía, polo tanto non se debe dicir que se elimina a peaxe, a autoestrada vai seguir cobrando esta peaxe ós automóviles que circulen pola autoestrada. Entendemos que a Moción debe ir por outro lado. Política Territorial, que na súa competencia, que é a vía rápida entre Baredo e Baiona, está claro que vai estar libre de peaxe, como non podía ser doutro xeito.

Polo tanto nós pediríamos non a supresión do peaxe, senón o estudo de alternativas a esta autoestrada, que poideráse facer un estudo desas alternativas á autoestrada, dos costes delas, ao mellor temos a posibilidade de construción de conexión entre distintos Concellos do Val Miñor sen necesidade de pasar pola autoestrada.

Nós neste punto non vamos a votar nin a favor nin en contra, vamos a abstermos, ademais entendemos que foi o PP no seu día quen estaba tanto no goberno tanto autonómico como no municipal e fíxose o que se fixo. Nos sorprende este afán do PP agora cando sabe a ciencia certa que a empresa adjudicataria da autopista non vai a deixar do cobrar e que nos vai a saír a tódolos galegos do bolsillo, paréceme que é un pouco de hipocresía. O que se deberían estudar son alternativas de comunicación distintas á autoestrada.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta moción me parece oportuna tendo en conta o momento que estamos vivindo. Independentemente de que esté dacordo coa exposición de motivos quero recordarlle ó BNG que cando se fixo a autoestrada do Val Miñor o BNG estivo máis interesado en pór obstáculos que pola vía da negociación, nin estivo o BNG, nin o PSOE, nin estivo tampouco o Concello de Gondomar; parece que todos estaban en contra de que Baiona tivera un acceso de calidade como era a autopista. E creo que si naquel momento o BNG houbera cambiado a súa postura pois posiblemente estaríamos falando agora dunha circunvalación gratuita para o Val Miñor, pero o pasado é pasado e hai que adaptarse á realidade e mirar ó futuro. Dende CMÑ e despois de moitas reflexións hai unha cousa que temos clara: que o Val



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Miñor poidera ter unha circunvalación pola autoestrada gratuita si chegamos a ter o peaxe único para o Val Miñor. Este peaxe podería estar na zona da Areiña pero en cambio poderíase incrementar para algúns Concellos, e así o tramo de Baredo a Gondomar, ou a Praia América, e viceversa, poidera ser gratuito.

Isto non é así por non sei que intereses estranos económicos surxen entre Autoestradas e a Consellería, e se decide ir a outro tema, a unha gratuidade parcial no tramo de Baiona a Baredo. Nos seguimos pensando que iso é un erro, é unha vía rápida pero dalgún xeito está dentro da autoestrada; debería ser gratuita toda, cun peaxe único.

Nós non obstante, en aras do consenso, por ser temas de interés xeral, estamos dacordo en apoiar esta moción, e tamén estamos dacordo en introducir o punto 3º plantexado polo Alcalde de "Instar á Consellería ó inicio urxente das obras de interconexión do Val Miñor", isto ten que ser prioritario, e os 3 Alcaldes están dacordo neste tema.

Estes enlaces nos gustaría que saíran a Concurso público por parte da Xunta, o que abarataría o coste da súa realización e calquer repercusión que tivera logo sería moito menor que chegar a un convenio directo entre Autoestradas e a Xunta de Galicia; me refiro a concurso público a execución das obras, non que se llege a un convenio e as faga Autoestradas. A repercusión sería moito menor si sae a concurso público.

Realmente nos diferenciamos dos veciños do Morrazo en que non armamos follón, ese é un pouco o tema.

SR.ALCALDE.- Penso que o exposto por Manolo é acertado, seguramente si así se houbera feito teríamos as obras rematadas e abaratado o coste, está claro. Neste momento tamén dí Manolo que houbo unha mala xestión, o que queremos é que empece a funcionar e que se abra canto antes para tódolos veciños do Val Miñor.

Sobre a política do PP que citou o Sr.Lores, a política é facer moitas autopistas, pero non liberar peaxes así porque así, esa é a política do PSOE, debe ter moitos amigos no Morrazo, moitos amigos en Asturias, en Andalucía, etc., nos sitios onde liberou do peaxe. Por certo, si eu fora socialista e vivera en Redondela eu creo que habería que actuar directamente contra a Consellería porque si hai un sitio que non pode ter peaxe é Redondela; eu creo que un baionés que colle o segundo cinturón en Vigo, gratuito, se dirixe a Mos ou a Porriño, e non ten que pagar nada, e si se dirixe ó Val Miñor sí ten que pagar ¿cal é a diferenza?, non o entendo.

Di vostede e é certo que Autopistas vai seguir cobrando, está claro, e que estamos pagando nós a autopista do Morrazo, é certo; pero entón que os do Morrazo paguen tamén a do Val Miñor. E algo lóxico. O que fixeron vostedes na política demencial de liberar peaxes, unha persoa de Cangas que vai a Vigo, grátis total; si vai a Pontevedra, penalizado, ¿Qué están facendo? fundir Pontevedra, e tamén fundiron o que é a circulación marítima, vai a pechar antes de que acabe o ano a conexión Cangas-Vigo porque a fundiron, e saturaron Rande, que dentro de pouco non poderá vir nadie porque está saturado; unha política ideal.

Simplemente pedimos non ser diferentes a nadie, exactamente iguais que os do Morrazo, Asturias, etc. E vós deberíais estar tamén a favor porque é un beneficio para todos, incluso o Alcalde de Nigrán dixo que estaba dacordo coa gratuidade do peaxe; ¿buscar alternativas como dixo vostede cando temos outra obra ahí que é facer unha obra menor dentro dunha gran inversión?, non parece razoable.

SR.LORES, PSOE.- Pensei que o Alcalde ia decir ó final que vai votar que non porque parece que tódolos males de casi toda España foron por liberar os peaxes. E curioso tamén que diga que si son amigos do PSOE cando practicamente daquela tódolos Concellos do Morrazo eran do PP. Por amizade non era, e como consigan liberar isto vaiense preparando vostedes agora. Vamos a modificar o noso voto de abstención: vai ser en contra despois de escoitar as explicacións de Manolo Vilar e do señor Alcalde. Hai que ter alternativas públicas e gratuitas para o Val Miñor pero esas solucións non deben pasar porque sigan os negocios de Autoestradas, aquí ten que haber un compromiso, e non se preocupe señor Alcalde que o actual goberno de Galicia é moito máis operativo que o que estivo nos últimos anos do PP e non vai a tardar 40 anos en facer nada.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- En todo caso, como acepten esta proposta na Xunta, preparese para coller a Alcaldía, enhoraboa, o seu socio dimite. Si dixeramos fai uns anos que no ano 2007, o PP e Manolo Vilar, ian a votar a favor da retirada do peaxe, non nos creería ninguén, porque miren que viño veces esta moción ó Pleno e sempre se nos denegaba e nos decían que estábamos tolos.

Nós decíamos, do que decía o Sr.Cuiña de que a autopista iría a Estocolmo, de que a Estocolmo sí, pero para ir a Gondomar non. Iso era o que defendíamos nós, facer un vial que comunicara as parroquias.

En todo caso o PP fixo moitas autoestradas de peaxe, e tardou 11 anos en pagarnos as fincas que nos levaron, 11 anos, triplicaron o prezo do pago polos intereses que tiveron que pagar, boa xestión económica a do Sr.Fraga.

Efectivamente que os peaxes os paga todo o mundo agora, pero como decía vostede, si nós pagamos os de Cangas ¿porqué eles non van a pagar os nosos?, ese é un problema que teñen que contemplar dende outras administracións; a nosa obriga é que os veciños de Baiona teñan as mesmas condicións que os de Cangas, e si para iso hai que berrar, berramos. Pero quero recordar que quen empezou a subvencionar as peaxes foi a Deputación, e sigue estando o PP.

O tema da aceleración das obras me parece ben pero creo que é un compromiso xa adquirido pola Consellería, dixo que estarían dentro duns anos rematadas; iso o fixo así sempre o PP tamén; nos parece ben pedir esto pero repito que xa temos o compromiso.

Creo que tamén aparte do peaxe gratuito Baredo-Sabarís, tamén entra Praia América-Porto do Mole, e viceversa, aínda que dudo do uso real que se vai a facer dese peaxe. Para finalizar creo que é unha moción positiva sobre todo para os veciños de Baiona, para seus bolsillos, esperamos contar co apoio de todos vostedes.

SR.ALCALDE.- Unha aclaración: a de Praia América-Porto do Mole, é grátis porque vai a facéla Zona Franca, e lóxicamente é para darlle saída á xente que traballa na súa empresa, ten que facéla.

-----

**Sometida a votación polo Sr.Alcalde a inclusión do 3º punto na Moción, resulta: 11 votos a favor (8, PP, 1,CMÑ, 2,BNG), fronte a 4 en contra, PSOE, polo cal apróbase dita inclusión.**

-----

**Sometese agora a votación polo Sr.Alcalde a Moción coa inclusión do 3º punto resultando: 11 votos a favor (8, PP, 1,CMÑ, 2,BNG), fronte a 4 en contra, PSOE.**

**E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:**

**1º - Que o Consello de Baiona se dirixa a Consellería de Política Territorial para solicitarlle que os enlaces entre os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán sexan libre de Peaxe.**

**2º- Que o Concello de Baiona se dirixa a Consellería de Política Territorial e o Ministerio de Fomento para que suprima o actual peaxe da autoestrada AG-57 entre o Concello de Baiona e a Cidade de Vigo.**

**3º.- Instar á Consellería ó inicio urxente das obras de interconexión do Val Miñor.**

#### **12.4) MOCION DE URXENCIA DO PSOE.**

**SR.LORES.-** Queremos facer unha Moción urxente para convocar ó Consello Escolar Municipal e ten xustificación en que unha vez que se aprobou o punto 3 deste Pleno a modificación deste Plan entendemos que agora, despois deste acordo, vai haber un período de alegacións e como este período ten unha duración de 1 mes, entendemos que debe convocarse o Consello por si ten algunha alegación que facer informandolle deste acordo plenario da modificación puntual do Plan Xeral.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

-----

Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urgencia da Moción, resulta: 6 votos a favor (4,PSOE, 2,BNG), fronte a 9 en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Urgencia.

### **13.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGO DO PSOE.**

##### **SR.LORES:**

- Pediría puntualidade na celebración dos Plenos e das Comisións porque entendo que os concelleiros que están aquí no Concello teñen máis tempo, pero os que vimos e vamos fora non o temos, por iso pediría puntualidade.

#### **ROGOS DO BNG.**

##### **SRA.RODRIGUEZ:**

- No Pleno anterior fixen o ROGO de que as actas dos Plenos poderían estar informatizadas nun CD, e a Secretaría me contestou que non, que as actas tiñan que ir firmadas, entón o responsable local do meu partido meteulle por escrito tamén, solicitoulle, e decirlle que o Concello de Oia, por exemplo, na súa paxina web ten tódalas actas do Pleno, entón ¿pódese ou non se pode?.

SRA.SECRETARIA.- Para dar publicidade a las actas se pueden poner en la página web, pero nosotros en CD no las facilitamos por cuestión de la firma; también se publican en el tablón para que la gente las pueda ver; podríamos colgarlas en la página web a nivel de publicidad.

SRA.RODRIGUEZ: O ROGO é si se poderían pór as actas na paxina web do Concello.

SR.ALCALDE.- Si, o único aclarar que non se poden modificar. Non se pode traballar con ese texto.

#### **ROGO DO SR.ALCALDE.-**

- Eu teño un ROGO por si o poideran transmitir, porque xa utilicei todos os medios, so me queda ir á televisión, e incluso xa estiven alí, si lle poideran transmitir a súa compañeira de partido Sra.Dominguez, que se lle remitiu un anteproxecto e un borrador de Convenio para o cal a señora Conselleira se comprometeu en Sabarís e poder finalizar así unha obra importantísima, que é o puente que vai ó Camping Ladeira. Pido que se llo podan transmitir posto que xa o fixen por tódalas vías e ésta é unha vía máis.

#### **PREGUNTAS DO BNG.**

**SRA.RODRIGUEZ:** No Pleno pasado quedaron algunhas preguntas sen contestar, como é a seguinte:

-¿Cántas plazas de aparcamento se eliminaron nas rúas do Aral, Santa Liberata e Marqués de Quintanar?.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** En Santa Liberata as necesarias para humaniza-la zona, no Aral depende do número e de como o consideres. En Santa Liberata non hai plazas como tales de aparcamento, simplemente hai sitios, plazas, e cada un aparcaba como podía. Nos Tendais se manteñen as prazas que había no proxecto original.

**SRA.RODRIGUEZ.-** Eu fixen por Rexistro o 25 de setembro, o 13 de setembro, 18 de setembro, 3 peticións distintas e non teño resposta.

- 1) Que desexando saber a delimitación parcelaria de antes de 1936 da parroquia de Baredo, solicito poder mirar o arquivo municipal onde estén estes datos. Isto o solicitei o 25 de setembro.

SR.ALCALDE.- Están revisando o arquivo pero é complicado posto que estamos falando de fai moitos anos e non está informatizado, teñen que buscálo.

**SRA.RODRIGUEZ.-** O 13 de setembro expoño que como xa falei co Alcalde sobre a fosa común que se cree hai no cemiterio municipal, solicito que algún funcionario do Concello vexa onde están os tomos 721 ata o 726 do arquivo municipal para poder saber o punto exacto onde están soterrados os 9 veciños asasinados o 15.10.1936 e poder mirar os libros.

SR.ALCALDE.- O mesmo funcionario que está buscando o de Baredo está buscando tamén isto, iso non significa que apareza sinalado en ningún libro onde está a fosa; pero xa falamos do tema e quedaches ti en mandar un escrito de autorización do Xuiz e da petición dos familiares.

**SRA.RODRIGUEZ.-** Iso é para abrir a fosa; isto é distinto, eu falo do arquivo.

SR.ALCALDE.- Non é fácil, os funcionarios teñen que desenrolar primeiro a labor do día a día, e cando poden ir o arquivo.

**SRA.RODRIGUEZ.-** O 18 de setembro metín outro que di que querendo mirar os libros do arquivo municipal dende os números 805 ata o 829 e dende o 2007 ata o 2081 para poder saber do Censo de requisión militar dende o ano 1741 ata o 2001, porque así o pón no Libro de arquivos da Deputación, e deste xeito saber a medición de 4 ou 5 persoas asasinadas o 15 de outubro de 1936. Que por favor sexa canto antes.

SR.ALCALDE.- E necesario ter a autorización das familias. Non podemos dar eses datos sin esa autorización ou petición dun familiar.

**SRA.RODRIGUEZ.-** Ben, si eu teño autorización dos familiares máis directos, porque hai algúns que non son moi directos, son sobrinos, non teñen fillos, teño a dunha sobriña por exemplo, para poder solicitar ó Concello excavar a fosa no cemiterio, ¿esa mesma autorización me vale para isto?.

SRA.SECRETARIA.- Debería tener una autorización acreditando el vinculo familiar, y decir que autoriza a Dña.Ana Rodríguez para examinar expedientes que constan en el archivo municipal, o, en su caso, excavar. Aquí entraría la Ley de Protección de Datos, nosotros podríamos tener problemas.

**SRA.RODRIGUEZ.-** Eu eu teño unha autorización dunha persoa que é filla de Manuel Francisco Lijo Perez, por exemplo, e que a autoriza á Asociación para a recuperación da memoria histórica, a reclamar a busca do desaparecido. A miña pregunta é si este papel me valería para estas solicitudes que eu teño.

SRA.SECRETARIA.- Tiene que poner que autoriza para consultar.





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Os datos que necesitas Ana supoño que serán para saber a talla e tal, quero decir que esa petición non vai a dar nunca a identidade da persoa, esa talla non te vai a dar posibilidade de identidade, haberá que buscar por outros lados.

**SRA.RODRIGUEZ.**- Ao mellor para algún sí, non todos medirían 1,90, por exemplo.

**PREGUNTAS DO PSOE.-**

**SR.LORES:**

- Sobre as banderolas anunciando o parking do Aral, si non teñen autorización por parte do Concello ¿porqué non foron retiradas?.

SR.ALCALDE.- Algunhas foron autorizadas de forma verbal e non se retiran por causa do servizo público.

-----

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as dezaseis horas e dez minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.